**BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE ABRIL DE 2026.**


1. MODIFICACIÓN NÚM. 3 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME....3

2. BAIXA COMO ASOCIADO NA ASOCIACIÓN EUROEUME....45

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS 24-25-26 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VIDREIRO-CAMPOLONGO. PROMOTORA: BREANCA INVERSIONES S.L....47

4. APROBACIÓN DO MANUAL DE USO DO LOGOTIPO MERCA QUEIXO E INSCRICIÓN NA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS....53

5. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE LINDEIRO PARA AMPLIACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME (REFERENCIA CATASTRAL: 7265703NJ6076N0001ZJ)....55

6. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 7. EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS....61

7. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/8....66

8. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS X/2026/6....82

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A SITUACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE EN GALICIA....94

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN DEFENSA DO SECTOR MARISQUEO E DAS ARTES MENORES DE PONTEDEUME....97

11. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DOS TIPOS IMPOSITIVOS 2026....100

12. DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE PRIMEIRO TRIMESTRE 2026....101

13. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE CONTROL INTERNO 2025....102

14. ASUNTOS DE URXENCIA....102

15. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES....103

15.1 MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA....103

16. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA....106

17. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS....113

17.1. RESPOSTAS AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO MES DE 26-03-2026....113

17.2 RESPOSTAS AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP AO PLENO DO MES DE 26-03-2026....116




FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

17.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DE DÍA 30-04-2026....117

17.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG....127

17.5. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP AO PLENO DE 30-04-2026....127

17.6. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP....130

REMATE DA SESIÓN....130

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE ABRIL DE 2026.**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
Dª María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández (PsdeG-PSOE)
D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).
Dª Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).
Dª Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)
Dª María del Rocío Pena Pena (BNG)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)
Dª Montserrat Pico Rodeiro (PP)

A Secretaria xeral:
Dª Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal
D. Lucía Varela Martínez

Non asiste:
Dª. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e oito minutos do día trinta de abril de dous mil vinte e seis, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

A Presidencia abre a sesión.

**1. MODIFICACIÓN NÚM. 3 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.**

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de dia 27.04.2026, que se transcribe a continuación:

***«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***
***SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE ABRIL DE 2026***
***EXPDTE: 2026/G012/000009***

***<<2. MODIFICACIÓN NÚM. 3 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.***



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA***

***Expediente de proposta: 2026/G006/000098***

***MODIFICACIÓN Nº 3 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. (Expediente: 2026/G014/000001)***

***ANTECEDENTES***

*Logo de ver o "Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume", aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o 11 de outubro de 2019, publicándose a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 9 de 15.01.2020.*

*En sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2021, o Pleno do Concello adoptou o acordo relativo á "Modificación nº 1 do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume", publicándose a súa aprobación definitiva no BOP nº 103 de 03.06.2021.*

*En sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2025, o Pleno do Concello adoptou o acordo relativo á "Modificación nº 2 do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume", publicándose a súa aprobación definitiva no BOP nº 219 de 14.11.2025.*

*Actualmente o Regulamento do Mercado municipal de Pontedeume en vigor establece como réxime xeral para o outorgamento das concesións administrativas e outras cesións de uso, de conformidade coa normativa de aplicación, a adxudicación mediante o procedemento de licitación respectando os principios de igualdade, de publicidade e concorrencia e a adxudicación directa cando resulte deserta a licitación logo do procedemento de concorrencia competitiva*

*Tendo en conta a finalidade do mercado municipal como espazo de especialización que sexa motor da zona comercial que atraia a implantación doutras actividades comerciais aos locais adxacentes, entre outras, e dado o interese público en pro da dinamización económica ou comercial, faise necesaria a eliminación do número máximo de postos actuais (5) que deben declararse desertos no previo procedemento de concorrencia competitiva como condición para recorrer á adxudicación directa polo órgano competente.*

*Logo de ver a proposta da Alcaldía asinada o día 16.04.2026 na que se xustifica a modificación e proponse a modificación do artigo 19 do actual Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume, nos termos que na mesma se recollen.*

*Tendo como único obxecto a presente modificación materializar unha finalidade do mercado municipal, como espazo de especialización que sirva de motor da zona comercial e en beneficio da dinamización económica ou comercial, considérase que concorren no presente caso os supostos de omisión a consulta pública regulada no artigo 133.1 LPAC, ao non ter a proposta normativa un impacto significativo na actividade económica, non impoñer obrigas relevantes aos destinatarios e regular aspectos parciais dunha materia.*

*Visto o informe da Secretaría Xeral de data 20.04.2026.*

*Tendo en conta o que antecede, e en virtude das facultades legalmente previstas,* ***PROPOÑO****:*

***PRIMEIRO****. - Proponse a modificación do artigo 19 do actual Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume, nos seguintes termos:*

- *Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios*

*Modificar o apartado 4 do artigo 19, do "Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume" eliminando o máximo de postos (5) que na actualidade deben resultar vacantes logo do correspondente procedemento de concorrencia competitiva para a súa adxudicación directa, conforme ao seguinte:*

*"…//…*

***19.4.-*** *Cando resulte deserta a licitación logo do correspondente procedemento de concorrencia competitiva ou resulte fallida polo incumprimento das obrigas do autorizado, poderá procederse á adxudicación directa polo órgano competente dos postos restantes que non foran adxudicados ata a cobertura da totalidade dos dispoñibles, sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no presente prego.*

*...//...".*

***SEGUNDO****.- Determinar o contido do texto refundido do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume, resultante da modificación proposta, segundo se indica:*

***REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME***

*PREÁMBULO*

*A apertura do Mercado Municipal de Pontedeume, edificio rehabilitado na súa totalidade, é unha competencia de prestación de servizo público de mercado, de acordo co regulado no artigo 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*O Mercado Municipal de Pontedeume é un punto estratéxico na memoria e difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía; é un centro de venda directa ó público, de carácter permanente, a finalidade do cal é:*

*-Asegurar o abastecemento de artigos da primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Tamén forma parte deste servizo a venda dos produtos baixo calquera forma de transformación ou manipulación autorizada, cumprindo tódalas normativas aplicables e especialmente a normativa de seguridade alimentaria, realizada nas mesmas instalacións do mercado e fora deste.*

*-Ser un equipamento que facilite formas de venta alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto e o servizo.*

*-Canalizar as producións agro alimentarias da bisbarra.*
*-Formar unha concentración comercial e ser un espazo de especialización que sexa motor da zona comercial que atraia a implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*Entre os obxectivos deste regulamento está establecer un novo marco de relación entre o Concello e os titulares de tódolos puntos de venta e concesionarios do Mercado Municipal para facilitar a xestión deste servizo público en beneficio da poboación consumidora e da sociedade en xeral.*

*TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.*

*Artigo 1.- Ámbito de aplicación.*

*O Mercado Municipal de Pontedeume se configura como un ben de dominio público municipal, destinado ó servizo público de abastecemento ou venda de produtos, prioritariamente alimentarios.*

*O ámbito de aplicación deste Regulamento refírese exclusivamente ó Mercado Municipal de Pontedeume, sendo de carácter obrigatorio para tódolos concesionarios, ocupantes ou persoas que realicen actividades económicas.*

*Artigo 2.- Definicións.*

*Ós efectos deste Regulamento, os conceptos que se relacionan a continuación terán o seguinte nomenclátor:*
*a) Lugares de venda: Serán os espazos destinados á venda dentro da totalidade do edificio do mercado municipal.*

*b) Concesionarios: Titulares das concesións administrativas dos lugares da venda do mercado, que outorgue o dereito de uso de un lugar de venda.*

*c) Os titulares dunha autorización administrativa: Titulares de autorización administrativas que estarán ubicados na parte correspondente aos soportais, o que se denominará paradas ambulantes.*

*d) Paradas ambulantes: Aquelas que polo seu carácter eventual estean instaladas en mesas móbiles nos espazos do mercado, que se considere convinte sinalar; estas paradas se dedicarán preferentemente a venda de produtos e excedente da horta das fincas situadas dentro da comarca e zona de influencia.*

*Artigo 3.- Propiedade.*

*O inmoble onde se ubica o mercado municipal, ten a condición de ben de dominio público afecto a un servizo público, e en base a isto é inalienable, inembargable e imprescritible.*

*Os acredores dos titulares dos dereitos de uso e explotación comercial, se obtivesen o embargo dos dereitos de uso e explotación comercial do negocio que exercen,estarán suxeitos ó pago das exaccións e cotas e o cumprimento das outras obrigas impostas ós titulares.*

*Artigo 4.- Prohibicións.*

*Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*dos mercados municipais de abastos, agás dos que teñan concedida autorización municipal, que estarán ubicados nos soportais do inmoble do mercado municipal.*

*TÍTULO II.- ORGANIZACIÓN.*

*CAPÍTULO I.- DIRECCIÓN DO MERCADO.*

*Artigo 5.-A Dirección do Mercado será exercida por unha persoa contratada polo Concello, xa sexa en réxime contratación externa ou en réxime de persoal do Concello de Pontedeume.*

*Artigo 6.- As súas funcións serán:*

*-Dirección superior do Mercado de Pontedeume.*
*-A responsabilidade da xestión da promoción e dinamización comercial.*
*-A relación cos concesionarios e coa agrupación de concesionarios.*
*-As actuacións de mellora en xeral da marca e do espazo do Mercado de Pontedeume. O exercicio destas funcións requirirán unha dedicación e presencia efectiva plena no edificio do Mercado Municipal.*

*CAPÍTULO II.- AGRUPACIÓN DE CONCESIONARIOS DO MERCADO MUNICIPAL.*

*Artigo 7.- Agrupación de Concesionarios do Mercado Municipal.*

*7.1.- Tódolos concesionarios, pola súa condición, poderán ser membros da Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, con tódolos seus dereitos e obrigas inherentes á condición de membro, entre eles, contribuír economicamente ó seu mantemento, segundo as taxas que se aproben anualmente en Asemblea Xeral.*
*7.2.- Esta Agrupación de concesionarios, terá natureza xurídico-privada e rexese pola normativa de asociacións. Será a interlocutora co Concello de Pontedeume, e participará activamente na organización, o funcionamento e control do mercado municipal e para a mellor solución dos seus problemas.*
*7.3.- A Agrupación de concesionarios rexerase polos principios democráticos e adoptarán as súas decisións por maioría e elixirán unha Xunta Directiva e un Presidente. Cada concesionario integrante da Asociación será considerado un voto e ós efectos de computar a maioría se consideraran os votos dos asistentes e debidamente representados. Esta Xunta designará as persoas interlocutoras validas co Concello.*
*7.4.- En canto ó resto, a organización e funcionamento será o que libremente decida a mesma organización nos seus Estatutos que terán que ser respectuosos co presente regulamento, e será librado ó Concello unha copia, así como as modificacións que se leven a cabo.*

*Artigo 8.- Comisión Mixta.*

*8.1.-Se constituirá unha Comisión Mixta Concello-Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, cunha composición paritaria, que estará formada por un número de seis persoas: tres representantes por cada unha das partes.*
*8.2.-Esta Comisión terá carácter consultivo e de asesoramento en aqueles temas relacionados coa xestión, funcionamento, organización e posibles problemas do mercado municipal que pola súa importancia requiran dun tratamento específico.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*Artigo 9.-*

*O réxime de reunións e aspectos vinculados á comisión será o que se determine na súa constitución, que se terá que realizar como máximo seis meses despois da aprobación definitiva deste Regulamento mediante o encontro entre os membros designados polo Concello e os representantes que a Agrupación de concesionarios designe a tal efecto.*

*TÍTULO III.- RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO.*

*Artigo 10.- Horarios e calendario do Mercado.*

*10.1.-Coma norma xeral, o Mercado permanecerá aberto ó público diariamente de luns a sábado, no horario comprendido pola maña entre as oito (8:00 h) e as catorce trinta horas (14:30 h) e pola tarde, os martes e os sábados, en horarios comprendidos entre as 16:30 e as 20:00 horas.*
*10.2.- O horario de actividade máxima (diferente do comercial ou de apertura ó público) do mercado o regulará de forma específica o Concello, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal.*
*10.3.-Tódalas actividades propias do Mercado, dende carga e descarga interior ata ó acondicionamento das paradas, incluída a propia venta, terán que realizarse dentro do horario de actividade máximo fixado.*
*10.4.-Os horarios establecidos, poderán ser modificados por razón de interese pública por Decreto de Alcaldía, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal; Os novos horarios serán publicados no BOP e na páxina web municipal ao fin de lograr a súa máxima difusión.*
*10.5.- O edificio do mercado permanecerá cerrado fora do horario de actividade máximo establecido, ademais de tódolos domingos e festivos, sempre que non se aprobará previamente a súa apertura.*

*Artigo 11.- Normas relativas a carga e descarga.*

*11.1.-Os horarios de carga e descarga interior e exterior serán fixados polo Concello de Pontedeume, dentro do horario máximo de actividade do mercado, previa consulta á Agrupación de concesionarios.*
*11.2.-O transporte de mercancías accederá ao edificio do Mercado Municipal, para realizar a carga e descarga, nos lugares habilitados ao efecto.*
*11.3.-Mentres o Mercado estea aberto ó público, queda prohibido o almacenamento e estacionamento de mercancías e carretas, no lugar de carga e descarga, accesos e corredores e tamén a súa circulación, excepto o tempo indispensable para efectuar os traballos de reposición e sempre que non dificulte o acceso e a compra dos clientes.*
*11.4.-Fora do horario definido polo servizo municipal responsable da vía pública, non poderá utilizarse a zona exterior do mercado para ocupala con caixas ou outros paquetes, sen autorización municipal expresa. Da mesma maneira, dentro do horario comercial, a non ser que o servizo municipal responsable da vía pública permita acarga e descarga das mercancías, non poderán depositarse caixas ou outros paquetes nas aceiras nin nas portas do mercado.*
*11.5.-Poderán colocarse paquetes nos corredores, fora do horario comercial ou de apertura ao público, para proceder ao abastecemento ou recollida das paradas. Non obstante, os paquetes poderán colocarse de forma ordenada e ocupando o mínimo espazo posible, especialmente o redor da zona de venda da froita, peixe e carne.*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*Non poderá colocarse ningunha caixa apoiada ás portas de entrada do mercado nin a menos de tres metros lineais destas. En todo caso, queda totalmente prohibida a existencia de calquera obstáculo que, xerado pola colocación de paquetes e mercancías nos corredores, impida o libre paso, salvo días especialmente programados polo concello, nos que se celebren eventos que xustifiquen a colocación de elementos decorativos no exterior dos postos*
*11.6.-Os transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.*

*Artigo 12.- Aspectos sanitarios e xestión do lixo.*

*12.1.- A limpeza diaria dos espazos comúns será realizada tódolos días en que o mercado estea aberto ao público, dentro do horario máximo de actividade do mercado. A limpeza dos servizos e corredores efectuarase de forma continuada, de acordo coa planificación que efectúe a Dirección do mercado, para asegurar en todo momento a limpeza, hixiene e salubridade do mercado e as súas instalacións.*
*12.2.- Os titulares dos postos de venta terán que ter perfectamente limpos, tanto o espazo que ocupan, como a parte de corredor frontal ó mesmo.*
*12.3.- Os titulares dos postos de venta e servizos, terán que dispoñer de recipientes adecuados para seleccionar e depositar separadamente os residuos xerados pola actividade. Os recipientes terán que baleirarse no espazo habilitado no mercado para o lixo, as veces que sexa necesario. Os lugares de venda destinados a peixe, marisco, carnicerías, froita e verduras e produtos frescos, os recipientes terán que estar tapados para evitar olores.*

*Artigo 13.- Seguridade alimentaria.*

*13.1.- O exercicio da actividade da venta de produtos alimentarios, comerciais ou de restauración por parte dos titulares dos postos de venta se practicará conforme á normativa sectorial vixente, á normativa laboral, á de seguridade alimentaria, á de riscos laborais e á de xestión de medio ambiente, vixente en cada momento. O mesmo é de aplicación para a venta de produtos non alimentarios, o almacén, transporte, manipulación e venta dos cales non se terá que xerar ningún prexuízo nin poñer en risco a calidade, salubridade ou imaxe dos artigos alimentarios frescos, conxelados ou transformados postos a venda dentro do recinto do mercado.*
*13.2.- Queda expresamente prohibido por este Regulamento:*
*a) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente.*
*b) O desplumado de aves, e outras accións análogas referidas ao procesado de animais e outros produtos nos espazos de venda ou dentro do recinto do Mercado municipal de abastos, incluíndo os espazos comúns deles.*
*c) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, salvo os procedentes de granxa ou acuicultura.*
*13.3.- Os traballadores dos postos de venta de produtos alimentarios e de restauración tamén están obrigados a cumprir tódalas normas de seguridade alimentaria e laboral.*
*13.4.- Non se poderá iniciar a venta sen que se houberan colocado en lugar visible e de acordo coas normas reguladoras en cada caso e momento, previamente, os prezos de cada un dos produtos postos á venda.*
*13.5.- O Mercado Municipal de Pontedeume inclúese dentro da rede de alertas alimentarias do Concello, polo que no caso de que se teña coñecemento oficial dalgunha alerta sanitaria,*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*esta será difundida a través da súa publicación no apartado da páxina web adicado a Mercado Municipal.*

*Artigo 14.- Instalacións comúns do Concello.*

*14.1.- Teñen carácter de instalacións comúns con mantemento a cargo do Concello as seguintes:*
*-Elementos de cerramento das instalacións do mercado municipal.*
*-Estrutura interior do mercado municipal.*
*-Conserxería.*
*-Zona de lactancia.*
*-Zona de xestión de residuos.*
*-Postos baleiros sen titular.*
*-Corredores.*
*-Baños.*
*-Accesos.*
*14.2.- En tódalas instalacións, o Concello deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais. As distintas medidas preventivas que se adopten deberán ser comunicadas convenientemente ás persoas concesionarias.*
*14.3.- As persoas concesionarias, deberán velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns, sendo responsables individualmente dos danos que por uso indebido ou accidentalmente lles puidesen causar, no decurso das súas actividades comerciais.*

*Artigo 15.- Reformas.*
*O Concello poderá efectuar as reformas que considere necesarias no mercado municipal, sen que os concesionarios poidan esixir indemnización algunha pola redución de vendas motivadas por tales reformas.*
*O Concello terá a obriga de comunicar aos concesionarios a data de inicio e a data aproximada de fin de obra. As reformas que leve a cabo o Concello sempre deberán ser planificadas e previstas coa suficiente antelación para perxudicar o mínimo posible ós concesionarios.*

*Artigo 16.- Imaxe, simboloxía e sinaléctica.*

*16.1.- O Concello aprobará a imaxe e simboloxía identificativa para o Mercado Municipal, así como a regulación e directrices para o seu uso e utilización nas diferentes áreas relacionadas co Servizo.*
*16.2.- As persoas concesionarias estarán obrigadas a adaptar os seus postos ás directrices de imaxe e simboloxía que o Concello determine, sen prexuízo de que o Concello, para levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos neste Regulamento poderá aplicar a estes procesos subvención propias, ou axudas procedentes doutras Administracións.*
*16.3.- O Concello será responsable da instalación de sinaléctica que corresponda, nos espazos comúns establecidos neste Regulamento.*
*16.4.- A denominación dos postos fixos estará integrada polo número do posto, o nome comercial ou do titular do posto.*

*TÍTULO IV.- REGULACIÓN DAS CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS .*

*CAPÍTULO I.- CONDICIÓNS DOS CONCESIONARIOS.*

*Artigo 17.- Capacidade xurídica e de obrar.*

*Poderán ser titulares das paradas, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, dun outro país da Unión Europea ou dun terceiro país con permiso de residencia e traballo, sempre que teñan plena capacidade xurídica ou do obrar.*
*Non poderán selo:*
*-Os comprendidos nalgún dos casos de incapacidade previstos na normativa en materia de contratación pública.*
*-Aqueles que non reúnan as condicións esixidas neste Regulamento.*
*-E os reincidentes en faltas de defraudación na venta de artigos, cando a última sanción estivera imposta en menos dun ano antes do anuncio de licitación.*

*Artigo 18.- Concesións administrativas, licencias e cesións de uso dos lugares destinados a usos comerciais ou de restauración.*
*18.1.- O obxecto da concesión, da licencia ou a cesión de uso é o dereito a ocupar, con carácter exclusivo, os postos destinados á actividade comercial ou restauración, coa finalidade e obriga respecto aos primeiros, de destínalos a venda na modalidade e os artigos para os cales estea clasificado, dentro da relación dos autorizados e, con carácter exclusivo ou comunitario se é posible os espazos e partes proporcionais dos servizos auxiliares ou comúns do mercado.*
*18.2.- As concesións administrativas e outras cesións de uso se adxudicarán mediante un procedemento de licitación que garanta o respecto aos principios de igualdade, de publicidade e concorrencia. Isto sen prexuízo do réxime específico das licenzas de uso e ocupación provisional.*
*18.3.- As concesións administrativas, as licenzas e outras cesións comportan que os concesionarios e os titulares das licenzas asuman a xestión e explotación dos lugares de venta, baixo o seu propio risco, e que aporten os medios persoais, materiais e técnicos necesarios así coma a realización das obras necesarias para adecuar as paradas ou locais comerciais.*

*Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios.*

*19.1.- O procedemento de selección para outorgar as concesións, así como para cubrir as vacantes farase en réxime de concorrencia competitiva, previa convocatoria pública do procedemento aberto correspondente, e coma resultado dun procedemento baseado nos principios de transparencia, concorrencia, imparcialidade e publicidade. Os interesados en concorrer a esta convocatoria deberán presentar, ademais da documentación que se lles solicite:*
*- MEMORIA DE ACTIVIDADE, na que deberán incluírse:*
*1. Descrición da actividade que se pretende por en marcha.*
*2. Servizos que o concesionario porá a disposición dos clientes.*
*-MEMORIA DE OBRAS E EQUIPAMENTOS*
*1. Descrición das obras que se pretenden realizar e importe total das mesmas.*
*2. Descrición do mobiliario e maquinaria e o importe total das mesmas e ficha técnica no caso da maquinaria.*
*-PREZO: mellora á alza do canón de concesión.*
*19.2.- A estes efectos, o Concello ten que aprobar as bases correspondentes coa suficiente antelación para cada convocatoria de outorgamento de concesións e cesións de uso, e que se inclúan os requisitos e criterios de adxudicación, o canón e as taxas.*
*19.3.- Considerando a maior profesionalidade e calidade do comercio e a protección das persoas consumidoras, os criterios que se poderán ter en conta para adxudicar as concesións serán, entre outros, os seguintes:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*DA ACTIVIDADE QUE SE PRETENDE POR EN MARCHA:*
*En canto ao produto:*
*- Que poñan a venda produtos de Galicia.*
*- Que poñan a venda produtos da comarca.*
*- Que poñan a veda produtos de elaboración artesanal.*
*- Que elaboren produtos no propio mercado.*
*- Que poña á venda produtos ecolóxicos.*
*- Que realicen degustacións de produto no proio mercado.*
*En canto aos servizos:*
*- Que permitan o pago con tarxeta.*
*- Que fagan entrega a domicilio.*
*- Que empreguen materiais biodegradables no empaquetado.*
*- Que estean de alta no SAC (Sistema Arbitral de Consumo).*
*DAS OBRAS E EQUIPAMENTO PROPOSTO.*
*En canto as obras e equipamentos:*
*- O emprego de materiais naturais e propios da zona e acordes coa Memoria decorativa do Mercado de Pontedeume.*
*- A instalación de maquinaria de baixo consumo.*
*-Prezo: mellora á alza do canón de concesión.*
*19.4.- Cando resulte deserta a licitación logo do correspondente procedemento de concorrencia competitiva ou resulte fallida polo incumprimento das obrigas do autorizado, poderá procederse á adxudicación directa polo órgano competente dos postos restantes que non foran adxudicados ata a cobertura da totalidade dos dispoñibles, sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no presente prego.*
*Neste suposto cabe que esta adxudicación directa teña lugar a favor dun dos adxudicatarios/as dalgún dos postos xa concedidos, previa autorización expresa do Concello por razóns de interese público en pro da dinamización económica ou comercial; neste caso o número de postos máximos por titular será de dous, tendo preferencia, no caso de empate na puntuación obtida e de ser o caso, a adxudicación ao colindante dun posto previamente adxudicado.*
*O procedemento para o outorgamento directo iniciarase pola Administración mediante anuncio na páxina web de apertura de prazo para a presentación de ofertas para cobertura das vacantes.*
*As persoas interesadas disporán do prazo que se determine na convocatoria para presentar a súa solicitude por Rexistro Xeral de entrada, onde conste o nº de posto vacante ao que se pretende acceder, aportando a seguinte documentación:*
*a) Documentación que acredite a capacidade de obrar do solicitante, e no seu caso, a representación, por calquera modo axeitado en dereito.*
*b) Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición de contratar coa administración.*
*c) Certificado de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes*
*d) Memoria da actividade.*
*Esta Memoria presentárase en dous subapartados:*
*Subapartado "A": Memoria da actividade.*
*Conterá unha memoria de explotación do posto na que o candidato presentará o seu proxecto de actividade do posto de mercado ó que licita. Nesta memoria poden incluirse aspectos relativos á actividade que se pretende por en marcha, tales como:*
*En referencia ao produto, produtos da bisbarra, ecolóxicos, elaboración artesanal, explicando a trazabilidade e subministradores.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*En referencia ao empaquetado: utilización no empaquetado de materiais biodegrables e bolsas reutilizables.*
*En referencia aos servizos: Forma de pago, entrega a domicilio, estar dados de alta no Servizo de Arbitraxe de Consumo (SAC).*
*Neste apartado poden incluírse medidas medioambientais e medidas referentes á prestación do servizo, atendendo aos criterios de valoración establecidos nos pregos de cláusulas administrativas.*
*Subapartado "B": Memoria da adecuación do posto: obras a realizar e equipamento.*
*Conterá unha descrición do acondicionamento do posto facendo referencia entre outros aspectos, ás obras a executar e que materiais se utilizarán nese acondicionamento, así coma tipo de maquinaria atendendo a natureza de actividade a desenrolar incluíndo a ficha técnica da maquinaria*
*Nesta adecuación do posto de mercado terase que cumprir a normativa de seguridade e saúde e a normativa sanitaria, no que respecta as condicións mínimas das instalacións que se inclúan dentro dos postos (maquinaria, neveiras, frigoríficos) e demais normativa aplicable.*
*O non cumprimento da normativa aplicable comportará a exclusión no procedemento de licitación.*
*e) Oferta económica que conterá os seguintes datos:*
*OPTO AOS POSTOS NÚMERO (indicar por orde de preferencia):*
*Nº posto:...*
*PRESENTO A SEGUINTE OFERTA ECONÓMICA:*
*Canón mínimo do posto:*
*Contía na que se incrementa o canón mínimo:*
*Canón total ofertado:*
*Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta no presente procedemento de adxudicación directa, no caso de que concurran mais dunha oferta sobre o mesmo posto, atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.*
*A. Criterios cuantificables automaticamente*
*— Maior canon ofrecido: Ata un máximo de 60 puntos.*

| *Nº LOCAL **(E ALMACÉN ASIGNADO)*** | *TOTAL M2* | *CANON MÍNIMO* |
|---|---|---|
| *1* | *27,62* | *2.406,04* |
| *2* | *42,10* | *3.667,43* |
| *3* | *42,19* | *3.675,27* |
| *4* | *25,25* | *2.199,59* |
| *5* | *33,55* | *2.922,62* |
| *6* | *33,22* | *2.893,87* |
| *7* | *10,33* | *900,09* |
| *8* | *10,33* | *900,09* |
| *9* | *26,12* | *2.275,37* |
| *10* | *25,79* | *2.246,63* |
| *11* | *16,70* | *1.454,78* |
| *12* | *10,33* | *900,09* |
| *13* | *10,33* | *900,09* |
| *14* | *20,48* | *2.304,12* |
| *15* | *25,46* | *2.217,88* |

| | | |
|---|---|---|
| *16* | *24,30* | *2.116,83* |

*Por cada 1,75% que o licitador ofreza sobre o canon mínimo, outorgarase 1 punto, ata un máximo de 60, conforme ao seguinte:*

| *Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO)* | *TOTAL M2* | *Canon mínimo* | *1 punto* | *2 puntos* | *(...)* | *60 puntos* | *CANON MÁXIMO TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *1* | *27,62* | *2.406,04* | *42,11* | *84,21* | | *2.526,60* | *4.932,64* |
| *2* | *42,10* | *3.667,43* | *64,18* | *128,36* | | *3.850,80* | *7.518,23* |
| *3* | *42,19* | *3.675,27* | *64,32* | *128,64* | | *3.859,20* | *7.534,47* |
| *4* | *25,25* | *2.199,59* | *38,49* | *76,98* | | *2.309,40* | *4.508,99* |
| *5* | *33,55* | *2.922,62* | *51,15* | *102,30* | | *3.069* | *5.991,62* |
| *6* | *33,22* | *2.893,87* | *50,64* | *101,30* | | *3.038,40* | *5.932,27* |
| *7* | *10,33* | *900,09* | *15,75* | *31,50* | | *945* | *1.845,09* |
| *8* | *10,33* | *900,09* | *15,75* | *31,50* | | *945* | *1.845,09* |
| *9* | *26,12* | *2.275,37* | *39,82* | *79,64* | | *2.389,20* | *4.664,57* |
| *10* | *25,79* | *2.246,63* | *39,32* | *78,64* | | *2.359,20* | *4.605,83* |
| *11* | *16,70* | *1.454,78* | *25,46* | *50,92* | | *1.527,60* | *2.982,38* |
| *12* | *10,33* | *900,09* | *15,75* | *31,50* | | *945* | *1.845,09* |
| *13* | *10,33* | *900,09* | *15,75* | *31,50* | | *945* | *1.845,09* |
| *14* | *20,48* | *2.304,12* | *40,32* | *80,64* | | *2.419,20* | *4.723,32* |
| *15* | *25,46* | *2.217,88* | *38,81* | *77,62* | | *2.328,60* | *4.546,48* |
| *16* | *24,30* | *2.116,83* | *37,04* | *74,08* | | *2.222,40* | *4.339,23* |

*B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:*
*b.1.- Criterios de sostenibilidade, medioambientais e Km 0: ata 20 puntos*
*Neste apartado se valorará:*
*-Tipoloxía e porcentaxe de compromiso de utilización de material, tales como bolsas e empaquetado de carácter reutilizable, biodegradable e non contaminantes; este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos.*
*-Tipoloxía e porcentaxe de inclusión de produtos de produción local, comarcal, ou ecolóxica, explicando a procedencia de ditos produtos, con carta de compromiso con posibles provedores (a trazabilidade dos mesmos); este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 10 puntos dentro dos 20 puntos.*
*-Utilización no acondicionamento (referente a obra) e presentación do posto con materiais sostibles e naturais, así coma da tipoloxía da maquinaria a utilizar(baixo consumo, etc) indicando a tipoloxía dos mesmos; este apartado cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos deste apartado.*
*b.2.- Criterios en relación ao servizo: ata 20 puntos.*
*Neste apartado se valorarán melloras con respecto á prestación do servizo; cada un dos apartados valorarase ata unha puntuación máxima de 4,00 puntos.*
*- Prestación do servizo de entrega a domicilio no casco histórico e tempo de posta en marcha do dito servizo e posible compromiso nun futuro de dar o servizo no ámbito territorial municipal de forma coordinada coa agrupación de praceiros.*
*- Prestación do servizo de utilización das redes sociais na difusión e tempo de posta en marcha deste servizo.*
*- Estar dado de alta no servizo de arbitraxe de consumo (SAC) ou compromiso de levalo a cabo no prazo de seis meses dende a formalización deste contrato.*
*- Exposición de venda de produtos, que comporta un boceto da distribución dos diferentes elementos que estean presentes no posto: cámaras, estantería, etc.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*- Outras melloras (especificar nas ofertas): servizo TPV, etc.*

*Neste caso poderán presentarse tantas ofertas como postos vacantes por calquera licitador, debendo indicar a orde de preferencia dos postos aos que accede, xa que en ningún caso se poderán adxudicar máis de dous postos a un mesmo titular.*
*Quedará acreditado o pagamento do canon, a garantía por importe do 5 % do prezo de adxudicación. Esta última poderá depositarse mediante aval bancario e constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP. Se se constitúe en metálico ingresarase o seu importe na conta corrente do Concello, facendo constar no concepto "garantía definitiva pola adxudicación da concesión demanial por un prazo de quince anos do posto nº ... do Mercado Municipal do Concello de Pontedeume", posteriormente acudirase á Tesourería Municipal quen expedirá carta de pago que é o documento a presentar coma acreditativo da constitución. En todo caso, a garantía definitiva responderá do conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP, xunto coa seguinte documentación:*
*A. Alta no imposto de actividades económicas como obrigado tributario.*
*B. Alta coma autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas e coma empresa co obxecto social adecuado no caso de persoas xurídicas.*
*C. O contrato e abono da prima anual da póliza de seguro sobre danos nos bens do posto e da responsabilidade civil sobre a actividade a desenvolver.*
*D. N.º de código de conta cliente (CCC) para o cobro dos recibos correspondentes: certificado bancario*
*Recibida a documentación solicitada, o Alcalde-Presidente adxudicará a concesión de forma motivada que será obxecto de publicación no perfil do contratante do concello a efectos de publicidade a transparencia. A formalización do contrato efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación.*
*No caso de optar adicionalmente pola elevación a escritura pública ante Notario, no seu caso, será asumido o custo polo concesionario/a.*
*O adxudicatario deberá aboar os gastos correspondentes ao orzamento das obras que deben executarse, así como os honorarios de redacción do proxecto, no seu caso.*

*Artigo 20.- Prazo das concesións.*

*O prazo de duración da concesión administrativa será o determinado no prego de administrativas. O dito prazo se contará a partir do día da formalización escrita do documento concesional.*

*Artigo 21.- Traspasos e cesións das concesións administrativas e dos dereitos de uso.*

*21.1.-As concesións son transmisibles "inter vivos" e "mortis causa", polo tempo que quede de finalización, de acordo co que dispoñen os artigos seguintes e previa autorización.*
*O traspaso e cesión destes dereitos suporá a subrogación das persoas adquirentes en cantos dereitos e obrigas sexan inherentes á concesión administrativa. A persoa adquirente terá que continuar coa mesma actividade comercial que o seu antecesor, excepto autorización deste Concello.*
*A transmisión da concesión "inter vivos" poderase facer a favor das persoas de segundo grado de consanguinidade ou primeiro de afinidade, que deberán cumprir as condicións requiridas para ser concesionario ou concesionaria de posto fixo; neste suposto a transmisión poderá efectuarse de forma directa, sen prexuízo que teñan que cumprirse igualmente os requisitos previstos para o exercicio da actividade de venta.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*A transmisión neste caso requirirá presentación de solicitude ao Concello; nesta solicitude constará a seguinte documentación:*
*-Nome e apelidos do transmitinte e adquirente.*
*-Xustificación da relación de parentesco.*
*-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.*
*-Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume.*
*Unha vez verificada a documentación aportada polos Departamentos correspondentes do Concello, se procederá a ditar resolución polo órgano competente.*
*21.2.- En caso de falecemento do/a titular, a concesión pasará a nome do seu legal sucesor. O herdeiro legal, dentro do prazo máximo dun ano da defunción do causante, solicitará o cambio de titularidade ó seu favor. A estes efectos terá que aportar ao Concello a seguinte documentación:*
*-Certificado de defunción do causante.*
*-Certificado das últimas vontades.*
*-Escritura da aceptación de herdanza.*
*-Liquidación do Imposto de sucesións correspondente.*
*-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.*
*-Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume.*
*Todo isto, sen prexuízo de que no sucesor concorran os requisitos necesarios para ser titular do posto do mercado municipal.*
*Se se transmite o posto do mercado en "pro-indiviso" de dúas ou máis persoas, estes terán que determinar e comunicar ao Concello cal deles, sucederá na titularidade dos citados postos de venta. De non facelo no prazo sinalado, se declarará caducada a concesión.*
*21.3.- Os postos de venta que queden vacantes pasarán novamente a posesión do Concello e serán obxecto de nova adxudicación mediante os procedementos establecidos no presente Regulamento.*
*21.4.- Ademais dos supostos de transmisión da concesión indicados, poderase solicitar polos concesionarios/as con título xa concedido sobre un posto no Mercado municipal a permuta por outros de igual natureza.*
*A permuta só poderá ser concedida sobre postos que logo da finalización do correspondente procedemento de concorrencia competitiva resultaren desertos e en consecuencia se atopen vacantes, ou no seu caso por postos previamente autorizados a outro concesionario con solicitude conxunta de ambos permutantes.*
*A mesma natureza entre ambos postos requirirá, que exista identidade nos metros cadrados totais dos postos a permutar e identidade de usos prestablecidos para cada un dos postos do Mercado municipal obxecto da permuta. Así a estes efectos terase en conta o seguinte:*
*A relación de postos cos correspondentes almacéns obxecto de ocupación é a seguinte:*

| Nº | USO | M2 LOCAL | Nº ALMACÉN | M2 ALMACÉN | M2 TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | GASTROBAR | 17,62 | 1 | 10 | 27,62 |
| 2 | PEIXERÍA | 35,24 | 2 | 6,86 | 42,10 |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 5 | CARNICERÍA | 26,93 | 5 | 6,62 | 33,55 |
| 6 | CARNICERÍA | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 8 | *PRODUTOS LOCAIS* | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 9 | *FROITERÍA* | 20,48 | 9 | 5,64 | 26,12 |
| 10 | *FLORISTERÍA* | 20,48 | 10 | 5,31 | 25,79 |
| 11 | *PANADERÍA* | 16,70 | | | 16,70 |
| 12 | *PRODUTOS LOCAIS* | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 13 | *PRODUTOS LOCAIS* | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 14 | *FROITERÍA* | 20,48 | 14 | 5,97 | 26,45 |
| 15 | *CHACINERÍA* | 20,48 | 15 | 4,98 | 25,46 |
| 16 | *ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA* | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |

*A concesión da permuta requirirá a presentación de solicitude ao Concello por Rexistro de Entrada municipal acompañada da seguinte documentación:*
*-Nome e apelidos do solicitante ou solicitantes no caso de permuta entres postos adxudicados previamente.*
*- Título da concesión orixinal sobre o posto a permutar.*
*-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.*
*-Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume.*
*-Xustificante de abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.*
*Unha vez verificada a documentación aportada polos departamentos municipais correspondentes, procederase a ditar resolución polo órgano competente. Terase en conta ao efecto o mesmo límite máximo de postos por concesionario previsto no artigo 19, xa que en ningún caso se adxudicarán máis de dous postos a un mesmo titular.*
*Cando existan dúas solicitudes de permuta sobre postos sen adxudicar, que sexan plantexadas de forma simultánea pendentes de resolver, terá preferencia no seu outorgamento o concesionario colindante ao posto a permutar.*
*O prazo de duración da concesión administrativa no caso de permuta será o que reste para a finalización da previamente concedida.*
*21.5.- Calquera transmisión efectuada sen seguir os requirimentos deste artigo se entenderá como nula e comportará a extinción da concesión sen dereito a indemnización.*

*22.- Extinción das concesións.*

*22.1.- As concesións e dereitos de uso extinguiranse por calquera das causas establecidas na lexislación vixente, e ademais:*
*a.-Renuncia expresa e escrita do titular presentada no Rexistro Xeral de Concello.*
*b.-Defunción do titular, a excepción do artigo 21.3.*
*c.-Cesión ou transmisión sen contar coa preceptiva autorización ou sen cumprir cos trámites e requisitos establecidos no presente Regulamento.*
*d.-Falta de pago das taxas, impostos, cotas e tarifas emitidos, e calquera outro pagamento de carácter obrigatorio, directamente relacionados co Mercado Municipal, durante un prazo de doce meses.*
*e.-Baixa do titular da concesión ou dereito de uso con imposibilidade de cubrir a súa ausencia, por un prazo igual ou superior ao ano, e sen cubrila.*
*f.-Sanción firme en aplicación do réxime disciplinario e sancionador establecido neste regulamento.*
*22.2.- Os titulares das concesións e dereitos de uso, unha vez finalizado o prazo da concesión, terán que deixar os postos a disposición do Concello.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*22.3.- Extinguida a concesión ou dereito de usos por calquera das causas legalmente previstas, a persoa concesionaria terá que reintegrar o obxecto da concesión ou dereito de uso en perfecto estado, sen que teña dereito a indemnización, excepto no caso de que sexa por supresión do servizo por parte do Concello.*
*22.4.- As instalación, obras e melloras realizadas na concesión ou dereito de uso reverterán en beneficio do Concello; Quedarán no dominio da persoa concesionaria tódolos bens que poida retirar sen menoscabar o ben inmoble obxecto da concesión.*
*22.5.- A extinción da concesión acreditarase mediante a instrución do expediente correspondente na resolución do cal, a máis de declarar extinguida a concesión, se procederá a declaración de vacante da mesma.*
*22.6.- No caso de renuncia voluntaria do concesionario, o Concello recuperará a plena dispoñibilidade da concesión, e dende o mesmo momento da renuncia voluntaria, o concesionario deixará de reportar ingresos de ningunha clase a favor do Concello con motivo da concesión renunciada; Todo isto, sen prexuízo das débedas que teña o concesionario co Concello as cales non se verán afectadas por a dita renuncia.*
*22.7.- A renuncia non dará dereito a devolución nin a indemnización de ningunha clase.*
*22.8.- No suposto que o Concello, atendendo a circunstancias sobrevidas e por razóns de interese público, resolva as concesións antes do vencemento do prazo, se dará audiencia á persoa interesada, e se cabe, se lle indemnizará polo danos e prexuízos que se ocasionen, de acordo coa normativa vixente.*

*TÍTULO V.- DEREITOS E DEBERES.*

*Artigo 23.- Dereitos dos/as concesionarios/as:*

*Os/as concesionarios/as de postos no mercado terán os seguintes dereitos:*
*1. Utilizar de forma privativa o espazo físico que constitúe o posto nos termos e condicións que se establecen na concesión.*
*2. Utilizar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.*
*3. Entrar no mercado antes de abrir ao público para preparar a mercadoría, dando todo tipo de facilidades para que se realice a inspección sanitaria ao efecto que esteanas mellores condicións.*
*4. Instalar nos respectivos postos os elementos necesarios para o exercicio da correspondente actividade mercantil, previa autorización da dirección do mercado.*
*5. En xeral, a todos os dereitos derivados da normativa reguladora.*

*Artigo 24.- Deberes dos/as concesionarios/as:*

*Terán os concesionarios de postos as seguintes obrigas de carácter esencial:*
*1.-Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen que inclúa nela o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.*
*2.-Estar en posesión do certificado de manipulador, tanto o titular coma as demais persoas que traballen no posto. O dito documento deberá ser mostrado, cantas veces se requira para isto.*
*3.-Comunicar, por escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ó que se produza as citadas situacións.*
*4.-Expor os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercializan, en lugar visible e claro, de xeito que poidan ser apreciados polos consumidores con claridade total.*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*5.-Manter o posto aberto ao público durante o horario de apertura venda ao público,salvo causa xustificada. Do mesmo xeito, o posto pecharase diariamente ó finalizar o calendario antes mencionado, adoptando tantas precaucións como sexa necesario para evitar posibles sinistros.*
*6.-Manter os postos, así como outras instalacións, en bo estado, coidando que estean limpos, libres de residuos e en condicións hixiénico-sanitarias perfectas, depositar lixo e desperdicios nos lugares indicados para tal fin.*
*7.-Usar instrumentos de pexase e medición axustados aos modelos autorizados, estando facultado o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitude dos mesmos.*
*8.- Vestir de xeito axeitado e aseadamente a roupa adecuada. No que se refire a vestimenta aprobárase por parte do Concello un manual identificativo da vestimenta.*
*9.- Non sacrificar no mercado os animais destinados á venda, nin tampouco realizaras operacións de desplumaxe, despelexado ou similares.*
*10.- Non negarse a vender os produtos expostos para a súa comercialización.*
*11.- Aboar o importe dos danos e perdas que o propietario, os familiares ou as persoas dependentes dos mesmos, causaren aos bens suxeitos á autorización, ás instalacións ou no Edificio do Mercado.*
*12.- Xustificar, cando sexan requiridos, o pago de impostos e execcións municipais por razón do exercicio do comercio no postos ocupados.*
*13.- Non colocar paquetes nin caixas de produtos nos corredores fora do horario habilitado para ilo; non se poderá depositar mercancías fora do espazo do posto en base ao cal concedeuse a autorización.*
*14.- Estar en posesión do libro de queixas/reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, atendendo a normativa de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.*
*15.- Atender ao seu cargo os gastos de electricidade, de consumo de auga e de servizos de comunicación producidos polos usos particulares nos postos que ocupen de acordo cos contadores instalados.*
*16.- Satisfacer o canón correspondente ó posto adxudicado de acordo co prego de cláusulas que rexe a concesión.*
*17.- Realizar pola súa conta e cargo as obras que o Concello estime necesarias para que os postos se atopen en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización do Concello.*
*18.- Cada titular obrígase a contratar, pola súa conta, os seguros necesarios para cubrir os riscos que poidan producirse durante o exercicio da súa actividade.*
*19.- Cada titular terá que ter vixentes, en todo momento, tódalas licenzas e autorizacións administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.*
*20.- Dispor e executar un plan de desinfección e desratización do seu posto de traballo.*
*21.-Deberán cumprir a normativa vixente en materia de xestión de residuos e realizar contratación externa dun xestor autorizado se procede.*

*TÍTULO VI.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.*

*Artigo 25.- Os/as concesionarios/as dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións deste Regulamento, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.*

*Artigo 26.- Clasificacións das infraccións:*

*As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.*
*1.- Consideraranse infraccións leves:*

*a) A falta de limpeza dos postos e do entorno dos mesmos.*
*b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.*
*c) A falta da consideración debida aos compradores.*
*d) O peche non autorizado do posto, sen causa xustificada, durante un prazo de máis de cinco días.*
*e) O incumprimento do horario establecido.*
*f) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a placa ou título administrativo identificativo e os prezos de venda das mercancías.*
*g) O descoido no aseo persoal das persoas titulares ou os seus colaboradores.*
*h) A inobservancia non reiterada das instrucións da Dirección do Mercado e demais persoal que desenvolva as súas funcións nos Mercado en aplicación deste Regulamento.*
*i) Non ter, a disposición dos consumidores e usuarios, as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo respecto diso.*
*j) Calquera infracción deste Regulamento que non estea tipificada como falta grave ou moi grave.*
*2.- Consideraranse infraccións graves:*
*a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.*
*b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da Dirección do Mercado.*
*c)Todo incumprimento das obrigacións sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e neste Regulamento.*
*d) As ofensas, de palabra ou de obra, as persoas que se atopen no mercado, ben sexan público ou funcionarios ou empregados municipais.*
*e) Non ter dados de alta na Seguridade Social ao persoal empregado que atende os postos.*
*f) Os altercados que produzan escándalo dentro do Mercado ou das súas inmediacións, con resultados de lesións ou danos.*
*g) Causar neglixentemente danos ao edificio, postos e instalacións.*
*h) O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.*
*i) As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.*
*j) O cambio de uso ou actividade comercial do posto sen autorización municipal.*
*K) O cerre dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.*
*l) A modificación da estrutura e instalacións dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.*
*3. Consideraranse infraccións moi graves:*
*a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.*
*b) O destino do posto a almacén.*
*c) A cesión do posto a un terceiro sen a observancia dos requisitos esixidos ao efecto no presente Regulamento.*
*d) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e empregados municipais afectos aos Mercados, no desempeño das súas funcións.*
*e) Causar dolosa e neglixentemente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.*
*f) A atención dos postos por persoas distintas do titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.*
*g) O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.*
*h) O impago do canon e as taxas da concesión.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*Artigo 27.- Clasificación das sancións:*

*27.1.-As infraccións poderán ser sancionadas como segue:*
*a) As leves con apercibimento ou multa de ata 750 euros.*
*b) As graves con apercibimento e multa de 751 ata 1500 euros.*
*c) As moi graves con extinción da concesión e multa de 1501 ata 3000 euros.*
*27.2.-Para a graduación ou cualificación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:*
*I) A natureza dos prexuízos causados.*
*II) O grado de intencionalidade do infractor ou reiteración.*
*III) A contía do beneficio obtido.*
*IV) A reincidencia, cando non sexa determinante da infracción.*
*V) O prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.*
*VI) O número de consumidores e usuarios afectados.*
*3. A imposición de sancións requirirá a incorporación do oportuno expediente sancionador atendendo a normativa de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*Artigo 28.- Prescrición de infraccións:*

*a) As leves, aos dous meses.*
*b) As graves, ao ano.*
*c) As moi graves, aos dous anos.*
*O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día que se cometan a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que puidese incoarse o procedemento, e de conformidade co previsto na normativa de procedemento administrativo común para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Artigo 29.- Venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora final ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal*

*A venda directa de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora ubicados exclusivamente nas instalacións do Mercado municipal se sometarán ao seguinte réxime xurídico:*
*-A venda será autorizada unicamente para os produtos primarios de explotacións acollidas ao réxime de venda directa, debidamente inscritas na sección creada ao efecto (SEVEDI), para o cal estarán inscritos previamente todos os/as solicitantes no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), e así mesmo, será requirida segundo o caso a previa inscrición no REGASA (Rexistro Galego Sanitario de empresas e establecementos alimentarios), segundo o que ao efecto establece a lexislación autonómica competente.*
*-A autorización para a instalación destes produtores referirase unicamente ao espazo que existe nos soportais do edificio de Mercado Municipal segundo os planos de distribución que se incorporan como Anexo I ao presente Regulamento, que só salvo circunstancias excepcionais debidamente motivas poderase ampliar por parte do Concello a outras zonas do entorno do edificio en caso de necesidade debidamente xustificada.*
*-O Concello poderá modificar as zonas de ubicación e restantes condicións para este tipo de produtores de xeito motivado, dispoñendo a redución do número de puntos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que isto de lugar a indemnización algunha.*
*-Os postos de venda serán obxecto de sinalización, quedando reflectida a distribución numerada de todos os postos e dita numeración coincidirá coas autorizacións expedidas, que atenderá a distribución incluída no anexo I do presente Regulamento. A venda só*

*poderá realizarse no lugar sinalado, limitándose exclusivamente ao espazo que ten autorizado.*
*O Concello disporá dos espazos temporalmente non ocupados, sen que o espazo reservado poida ser ocupado por outro vendedor sen previa autorización.*
*Concederanse tantas autorizacións como postos sexan posibles, segundo o Anexo I atendendo á superficie destinada a tal fin na contorna do edificio do Mercado, e o número de autorizacións quedará supeditado ao número de metros dispoñibles en tales espazos.*

*O número máximo de postos para estes produtos de venda directa será 16, cunhas dimensións máximas de 2 por 1,5 metros por posto.*
*En ningún caso poderán exhibirse os produtos directamente no solo, debendo cumprir as condicións hixiénico sanitarias previstas na normativa de aplicación, en todo caso ubicando os produtos nas mesas habilitadas, ou en cestas, paxes ou similares. En todo caso o produtor deberá extremar a limpeza na zona de venda. Os produtos deberán estar situados sempre a unha altura mínima do solo de 0,60 m e protexendo as mercadorías das inclemencias metereolóxicas.*
*As datas e horarios de actividade na zona dos soportais estarán vinculadas aos establecidos no artigo 10 do presente Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume, limitándose esta modalidade de postos unicamente de martes a sábado en horario de mañá.*
*Horario de inicio: O estipulado no artigo 10 con carácter xeral*
*Horario de recollida: Unha hora antes do estipulado no artigo 10 con carácter xeral.*
*A asignación de postos previa solicitude farase en función da rigorosa orde de entrada no Rexistro xeral do concello, con toda a documentación completa e actualizada, logo da súa verificación. Na súa solicitude deberase de indicar a orde de preferencia de ubicación de entre os dispoñibles, así como os días nos que realizará a actividade.*
*En todo caso, os/as autorizados/as deberán dispor dun receptáculo con tapa pechada dentro do seu posto, para verter os residuos xerados na actividade de comercio dos seus produtos.*
*Documentación a presentar para a solicitude será a seguinte:*
*-Nome e apelidos do solicitante, xunto coa descrición da actividade que se pretende levar a cabo baixo esta modalidade, coa indicación da orde de preferencia de ubicación de entre os dispoñibles, así como os días nos que realizará a actividade.*
*- Documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos para poder realizar a venda directa de produtos primarios segundo a lexislación aplicable para cada caso.*
*-Declaración responsable do adquirente de que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade nesta modalidade no mercado segundo o indicado no artigo 29 do Regulamento, así como compromiso de dar cumprimento aos deberes que a normativa aplicable esixe para estes supostos, segundo Anexo III.*
*-Certificados de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume.*
*-Xustificante de abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.*

*DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.*

*- En tanto que a situación de crise sanitaria vinculada ao COVID-19 se manteña en vigor todos os concesionarios e produtores asumirán as obrigas e compromisos que as limitacións e restricións sanitarias se prevén. Especificamente no caso da modalidade prevista no artigo 29 atenderase ás ubicacións previstas no Anexo II do presente regulamento.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PkcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*DISPOSICIÓN FINAL*

*Unha vez se produza a entrada en vigor deste Regulamento, queda sen efecto o Regulamento do Mercado de Pontedeume, publicado no BOP 202, de 5 de setembro de 1985 e demais normativa.”*

*ANEXO I*

*ANEXO II*

*ANEXO III*

***MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE VENDA DIRECTA DE PRODUTOS PRIMARIOS POLOS/AS PRODUTORES Á PERSOA CONSUM**IDORA FINAL UBICADOS NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL*

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *INTERESADO/A* | | | | |
| *Nome e apelidos ou Razón Social* | | | | |
| *DNI/CIF* | | | | |
| *Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/ Avda./ Praza/ Lugar* | *Núm* | *Escaleira* | *Andar* | *Porta* |
| *CP* *Concello* *Provincia* | | | | |
| *Teléfono* *Fax* *Correo electrónico* | | | | |
| *REPRESENTANTE* | | | | |
| *Nome e apelidos* | | | | |
| *DNI/CIF* | | | | |
| *Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/ Avda./ Praza/ Lugar* | *Núm* | *Escaleira* | *Andar* | *Porta* |
| *CP* *Concello* *Provincia* | | | | |
| *Teléfono* *Fax* *Correo electrónico* | | | | |
| *EXPOÑO* | | | | |
| *Que de conformidade coa normativa recollida no Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume respecto á venda de produtos primarios polos/as produtores/as á persoa consumidora ubicados nas instalacións do Mercado Municipal*<br>- *Que cumpro os requisitos legais e regulamentariamente establecidos.*<br>- *Estou en posesión da documentación que así o acredite.*<br>- *Manterei o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.*<br>- *Estar ao día no pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume*<br>- *Cumprirei as condicións hixiénico-sanitarias previstas na normativa de aplicación extremando a limpeza na zona de venda.*<br>- *Cumprirei as datas e horarios establecidos no mencionado Regulamento do Mercado Municipal.*<br>- *Respectarei o lugar asignado para a actividade de venda.* | | | | |

- *Darei cumprimento aos deberes que a normativa aplicable esixe.*
- *Cumpro co abono da taxa correspondente, segundo a ordenanza fiscal en vigor.*

*O que asino de xeito responsable,*
*Pontedeume, de de*

*Asdo. O interesado Asdo. O representante*
*SR ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME*

***TERCEIRO.-*** *Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello de Pontedeume co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.*

***TERCEIRO.*** *De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello*

*Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.*

***CUARTO.-*** *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.*

*No entanto, o Pleno adoptará o acordo que considere máis oportuno".*

*A presidencia abre a quenda para o debate.*

*...//...*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos a proposta transcrita****, POR MAIORÍA DE CINCO VOTOS A FAVOR (5),*** *dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López; e* ***DÚAS ABSTENCIÓN (2)*** *do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*Martínez e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro>>.*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes **(8 PSOE, 2 BNG e 2 PP),** o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. - Proponse a modificación do artigo 19 do actual Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume, nos seguintes termos:

- Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios

Modificar o apartado 4 do artigo 19, do "Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume" eliminando o máximo de postos (5) que na actualidade deben resultar vacantes logo do correspondente procedemento de concorrencia competitiva para a súa adxudicación directa, conforme ao seguinte:

"…//…

**19.4.-** Cando resulte deserta a licitación logo do correspondente procedemento de concorrencia competitiva ou resulte fallida polo incumprimento das obrigas do autorizado, poderá procederse á adxudicación directa polo órgano competente dos postos restantes que non foran adxudicados ata a cobertura da totalidade dos dispoñibles, sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no presente prego.

...//...".

**SEGUNDO**.- Determinar o contido do texto refundido do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume, resultante da modificación proposta, segundo se indica:

***<u>REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME</u>***

*PREÁMBULO*

*A apertura do Mercado Municipal de Pontedeume, edificio rehabilitado na súa totalidade, é unha competencia de prestación de servizo público de mercado, de acordo co regulado no artigo 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*O Mercado Municipal de Pontedeume é un punto estratéxico na memoria e difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía; é un centro de venda directa ó público, de carácter permanente, a finalidade do cal é:*

*-Asegurar o abastecemento de artigos da primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Tamén forma parte deste servizo a*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*venda dos produtos baixo calquera forma de transformación ou manipulación autorizada, cumprindo tódalas normativas aplicables e especialmente a normativa de seguridade alimentaria, realizada nas mesmas instalacións do mercado e fora deste.*

*-Ser un equipamento que facilite formas de venta alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto e o servizo.*

*-Canalizar as producións agro alimentarias da bisbarra.*

*-Formar unha concentración comercial e ser un espazo de especialización que sexa motor da zona comercial que atraia a implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.*

*Entre os obxectivos deste regulamento está establecer un novo marco de relación entre o Concello e os titulares de tódolos puntos de venta e concesionarios do Mercado Municipal para facilitar a xestión deste servizo público en beneficio da poboación consumidora e da sociedade en xeral.*

*TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.*

*Artigo 1.- Ámbito de aplicación.*

*O Mercado Municipal de Pontedeume se configura como un ben de dominio público municipal, destinado ó servizo público de abastecemento ou venda de produtos, prioritariamente alimentarios.*

*O ámbito de aplicación deste Regulamento refírese exclusivamente ó Mercado Municipal de Pontedeume, sendo de carácter obrigatorio para tódolos concesionarios, ocupantes ou persoas que realicen actividades económicas.*

*Artigo 2.- Definicións.*

*Ós efectos deste Regulamento, os conceptos que se relacionan a continuación terán o seguinte nomenclátor:*

*a) Lugares de venda: Serán os espazos destinados á venda dentro da totalidade do edificio do mercado municipal.*

*b) Concesionarios: Titulares das concesións administrativas dos lugares da venda do mercado, que outorgue o dereito de uso de un lugar de venda.*

*c) Os titulares dunha autorización administrativa: Titulares de autorización administrativas que estarán ubicados na parte correspondente aos soportais, o que se denominará paradas ambulantes.*

*d) Paradas ambulantes: Aquelas que polo seu carácter eventual estean instaladas en mesas móbiles nos espazos do mercado, que se considere convinte sinalar; estas paradas se dedicarán preferentemente a venda de produtos e excedente da horta das fincas situadas dentro da comarca e zona de influencia.*

*Artigo 3.- Propiedade.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*O inmoble onde se ubica o mercado municipal, ten a condición de ben de dominio público afecto a un servizo público, e en base a isto é inalienable, inembargable e imprescritible.*

*Os acredores dos titulares dos dereitos de uso e explotación comercial, se obtivesen o embargo dos dereitos de uso e explotación comercial do negocio que exercen,estarán suxeitos ó pago das exaccións e cotas e o cumprimento das outras obrigas impostas ós titulares.*

*Artigo 4.- Prohibicións.*

*Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores dos mercados municipais de abastos, agás dos que teñan concedida autorización municipal, que estarán ubicados nos soportais do inmoble do mercado municipal.*

*TÍTULO II.- ORGANIZACIÓN.*

*CAPÍTULO I.- DIRECCIÓN DO MERCADO.*

*Artigo 5.-A Dirección do Mercado será exercida por unha persoa contratada polo Concello, xa sexa en réxime contratación externa ou en réxime de persoal do Concello de Pontedeume.*

*Artigo 6.- As súas funcións serán:*

*-Dirección superior do Mercado de Pontedeume.*
*-A responsabilidade da xestión da promoción e dinamización comercial.*
*-A relación cos concesionarios e coa agrupación de concesionarios.*
*-As actuacións de mellora en xeral da marca e do espazo do Mercado de Pontedeume. O exercicio destas funcións requirirán unha dedicación e presencia efectiva plena no edificio do Mercado Municipal.*

*CAPÍTULO II.- AGRUPACIÓN DE CONCESIONARIOS DO MERCADO MUNICIPAL.*

*Artigo 7.- Agrupación de Concesionarios do Mercado Municipal.*

*7.1.- Tódolos concesionarios, pola súa condición, poderán ser membros da Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, con tódolos seus dereitos e obrigas inherentes á condición de membro, entre eles, contribuír economicamente ó seu mantemento, segundo as taxas que se aproben anualmente en Asemblea Xeral.*
*7.2.- Esta Agrupación de concesionarios, terá natureza xurídico-privada e rexese pola normativa de asociacións. Será a interlocutora co Concello de Pontedeume, e participará activamente na organización, o funcionamento e control do mercado municipal e para a mellor solución dos seus problemas.*
*7.3.- A Agrupación de concesionarios rexerase polos principios democráticos e adoptarán as súas decisións por maioría e elixirán unha Xunta Directiva e un Presidente. Cada concesionario integrante da Asociación será considerado un voto e ós efectos de computar a maioría se consideraran os votos dos asistentes e debidamente representados. Esta Xunta designará as persoas interlocutoras validas co Concello.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*7.4.- En canto ó resto, a organización e funcionamento será o que libremente decida a mesma organización nos seus Estatutos que terán que ser respectuosos co presente regulamento, e será librado ó Concello unha copia, así como as modificacións que se leven a cabo.*

*Artigo 8.- Comisión Mixta.*

*8.1.-Se constituirá unha Comisión Mixta Concello-Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, cunha composición paritaria, que estará formada por un número de seis persoas: tres representantes por cada unha das partes.*
*8.2.-Esta Comisión terá carácter consultivo e de asesoramento en aqueles temas relacionados coa xestión, funcionamento, organización e posibles problemas do mercado municipal que pola súa importancia requiran dun tratamento específico.*

*Artigo 9.-*

*O réxime de reunións e aspectos vinculados á comisión será o que se determine na súa constitución, que se terá que realizar como máximo seis meses despois da aprobación definitiva deste Regulamento mediante o encontro entre os membros designados polo Concello e os representantes que a Agrupación de concesionarios designe a tal efecto.*

*TÍTULO III.- RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO.*

*Artigo 10.- Horarios e calendario do Mercado.*

*10.1.-Coma norma xeral, o Mercado permanecerá aberto ó público diariamente de luns a sábado, no horario comprendido pola maña entre as oito (8:00 h) e as catorce trinta horas (14:30 h) e pola tarde, os martes e os sábados, en horarios comprendidos entre as 16:30 e as 20:00 horas.*
*10.2.- O horario de actividade máxima (diferente do comercial ou de apertura ó público) do mercado o regulará de forma específica o Concello, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal.*
*10.3.-Tódalas actividades propias do Mercado, dende carga e descarga interior ata ó acondicionamento das paradas, incluída a propia venta, terán que realizarse dentro do horario de actividade máximo fixado.*
*10.4.-Os horarios establecidos, poderán ser modificados por razón de interese pública por Decreto de Alcaldía, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal; Os novos horarios serán publicados no BOP e na páxina web municipal ao fin de lograr a súa máxima difusión.*
*10.5.- O edificio do mercado permanecerá cerrado fora do horario de actividade máximo establecido, ademais de tódolos domingos e festivos, sempre que non se aprobará previamente a súa apertura.*

*Artigo 11.- Normas relativas a carga e descarga.*

*11.1.-Os horarios de carga e descarga interior e exterior serán fixados polo Concello de Pontedeume, dentro do horario máximo de actividade do mercado, previa consulta á Agrupación de concesionarios.*
*11.2.-O transporte de mercancías accederá ao edificio do Mercado Municipal, para realizar a carga e descarga, nos lugares habilitados ao efecto.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*11.3.-Mentres o Mercado estea aberto ó público, queda prohibido o almacenamento e estacionamento de mercancías e carretas, no lugar de carga e descarga, accesos e corredores e tamén a súa circulación, excepto o tempo indispensable para efectuar os traballos de reposición e sempre que non dificulte o acceso e a compra dos clientes.*
*11.4.-Fora do horario definido polo servizo municipal responsable da vía pública, non poderá utilizarse a zona exterior do mercado para ocupala con caixas ou outros paquetes, sen autorización municipal expresa. Da mesma maneira, dentro do horario comercial, a non ser que o servizo municipal responsable da vía pública permita a carga e descarga das mercancías, non poderán depositarse caixas ou outros paquetes nas aceiras nin nas portas do mercado.*
*11.5.-Poderán colocarse paquetes nos corredores, fora do horario comercial ou de apertura ao público, para proceder ao abastecemento ou recollida das paradas. Non obstante, os paquetes poderán colocarse de forma ordenada e ocupando o mínimo espazo posible, especialmente o redor da zona de venda da froita, peixe e carne.*
*Non poderá colocarse ningunha caixa apoiada ás portas de entrada do mercado nin a menos de tres metros lineais destas. En todo caso, queda totalmente prohibida a existencia de calquera obstáculo que, xerado pola colocación de paquetes e mercancías nos corredores, impida o libre paso, salvo días especialmente programados polo concello, nos que se celebren eventos que xustifiquen a colocación de elementos decorativos no exterior dos postos*
*11.6.-Os transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.*

*Artigo 12.- Aspectos sanitarios e xestión do lixo.*

*12.1.- A limpeza diaria dos espazos comúns será realizada tódolos días en que o mercado estea aberto ao público, dentro do horario máximo de actividade do mercado. A limpeza dos servizos e corredores efectuarase de forma continuada, de acordo coa planificación que efectúe a Dirección do mercado, para asegurar en todo momento a limpeza, hixiene e salubridade do mercado e as súas instalacións.*
*12.2.- Os titulares dos postos de venta terán que ter perfectamente limpos, tanto o espazo que ocupan, como a parte de corredor frontal ó mesmo.*
*12.3.- Os titulares dos postos de venta e servizos, terán que dispoñer de recipientes adecuados para seleccionar e depositar separadamente os residuos xerados pola actividade. Os recipientes terán que baleirarse no espazo habilitado no mercado para o lixo, as veces que sexa necesario. Os lugares de venda destinados a peixe, marisco, carnicerías, froita e verduras e produtos frescos, os recipientes terán que estar tapados para evitar olores.*

*Artigo 13.- Seguridade alimentaria.*

*13.1.- O exercicio da actividade da venta de produtos alimentarios, comerciais ou de restauración por parte dos titulares dos postos de venda se practicará conforme á normativa sectorial vixente, á normativa laboral, á de seguridade alimentaria, á de riscos laborais e á de xestión de medio ambiente, vixente en cada momento. O mesmo é de aplicación para a venta de produtos non alimentarios, o almacén, transporte, manipulación e venta dos cales non se terá que xerar ningún prexuízo nin poñer en risco a calidade, salubridade ou imaxe dos artigos alimentarios frescos, conxelados ou transformados postos a venda dentro do recinto do mercado.*
*13.2.- Queda expresamente prohibido por este Regulamento:*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*a) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente.*
*b) O desplumado de aves, e outras accións análogas referidas ao procesado de animais e outros produtos nos espazos de venda ou dentro do recinto do Mercado municipal de abastos, incluíndo os espazos comúns deles.*
*c) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, salvo os procedentes de granxa ou acuicultura.*
*13.3.- Os traballadores dos postos de venta de produtos alimentarios e de restauración tamén están obrigados a cumprir tódalas normas de seguridade alimentaria e laboral.*
*13.4.- Non se poderá iniciar a venta sen que se houberan colocado en lugar visible e de acordo coas normas reguladoras en cada caso e momento, previamente, os prezos de cada un dos produtos postos á venda.*
*13.5.- O Mercado Municipal de Pontedeume inclúese dentro da rede de alertas alimentarias do Concello, polo que no caso de que se teña coñecemento oficial dalgunha alerta sanitaria, esta será difundida a través da súa publicación no apartado da páxina web adicado a Mercado Municipal.*

*Artigo 14.- Instalacións comúns do Concello.*

*14.1.- Teñen carácter de instalacións comúns con mantemento a cargo do Concello as seguintes:*
*-Elementos de cerramento das instalacións do mercado municipal.*
*-Estrutura interior do mercado municipal.*
*-Conserxería.*
*-Zona de lactancia.*
*-Zona de xestión de residuos.*
*-Postos baleiros sen titular.*
*-Corredores.*
*-Baños.*
*-Accesos.*
*14.2.- En tódalas instalacións, o Concello deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais. As distintas medidas preventivas que se adopten deberán ser comunicadas convenientemente ás persoas concesionarias.*
*14.3.- As persoas concesionarias, deberán velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns, sendo responsables individualmente dos danos que por uso indebido ou accidentalmente lles puidesen causar, no decurso das súas actividades comerciais.*

*Artigo 15.- Reformas.*

*O Concello poderá efectuar as reformas que considere necesarias no mercado municipal, sen que os concesionarios poidan esixir indemnización algunha pola redución de vendas motivadas por tales reformas.*
*O Concello terá a obriga de comunicar aos concesionarios a data de inicio e a data aproximada de fin de obra. As reformas que leve a cabo o Concello sempre deberán ser planificadas e previstas coa suficiente antelación para perxudicar o mínimo posible ós concesionarios.*

*Artigo 16.- Imaxe, simboloxía e sinaléctica.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*16.1.- O Concello aprobará a imaxe e simboloxía identificativa para o Mercado Municipal, así como a regulación e directrices para o seu uso e utilización nas diferentes áreas relacionadas co Servizo.*
*16.2.- As persoas concesionarias estarán obrigadas a adaptar os seus postos ás directrices de imaxe e simboloxía que o Concello determine, sen prexuízo de que o Concello, para levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos neste Regulamento poderá aplicar a estes procesos subvención propias, ou axudas procedentes doutras Administracións.*
*16.3.- O Concello será responsable da instalación de sinaléctica que corresponda, nos espazos comúns establecidos neste Regulamento.*
*16.4.- A denominación dos postos fixos estará integrada polo número do posto, o nome comercial ou do titular do posto.*

*TÍTULO IV.- REGULACIÓN DAS CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS .*

*CAPÍTULO I.- CONDICIÓNS DOS CONCESIONARIOS.*

*Artigo 17.- Capacidade xurídica e de obrar.*

*Poderán ser titulares das paradas, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, dun outro país da Unión Europea ou dun terceiro país con permiso de residencia e traballo, sempre que teñan plena capacidade xurídica ou do obrar.*
*Non poderán selo:*
*-Os comprendidos nalgún dos casos de incapacidade previstos na normativa en materia de contratación pública.*
*-Aqueles que non reúnan as condicións esixidas neste Regulamento.*
*-E os reincidentes en faltas de defraudación na venta de artigos, cando a última sanción estivera imposta en menos dun ano antes do anuncio de licitación.*

*Artigo 18.- Concesións administrativas, licencias e cesións de uso dos lugares destinados a usos comerciais ou de restauración.*

*18.1.- O obxecto da concesión, da licencia ou a cesión de uso é o dereito a ocupar, con carácter exclusivo, os postos destinados á actividade comercial ou restauración, coa finalidade e obriga respecto aos primeiros, de destínalos a venda na modalidade e os artigos para os cales estea clasificado, dentro da relación dos autorizados e, con carácter exclusivo ou comunitario se é posible os espazos e partes proporcionais dos servizos auxiliares ou comúns do mercado.*
*18.2.- As concesións administrativas e outras cesións de uso se adxudicarán mediante un procedemento de licitación que garantice o respecto aos principios de igualdade, de publicidade e concorrencia. Isto sen prexuízo do réxime específico das licenzas de uso e ocupación provisional.*
*18.3.- As concesións administrativas, as licenzas e outras cesións comportan que os concesionarios e os titulares das licenzas asuman a xestión e explotación dos lugares de venta, baixo o seu propio risco, e que aporten os medios persoais, materiais e técnicos necesarios así coma a realización das obras necesarias para adecuar asparadas ou locais comerciais.*

*Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios.*

*19.1.- O procedemento de selección para outorgar as concesións, así como para cubrir as vacantes farase en réxime de concorrencia competitiva, previa convocatoria pública do*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*procedemento aberto correspondente, e coma resultado dun procedemento baseado nos principios de transparencia, concorrencia, imparcialidade e publicidade. Os interesados en concorrer a esta convocatoria deberán presentar, ademais da documentación que se lles solicite:*
*- MEMORIA DE ACTIVIDADE, na que deberán incluírse:*
*1. Descrición da actividade que se pretende por en marcha.*
*2. Servizos que o concesionario porá a disposición dos clientes.*
*-MEMORIA DE OBRAS E EQUIPAMENTOS*
*1. Descrición das obras que se pretenden realizar e importe total das mesmas.*
*2. Descrición do mobiliario e maquinaria e o importe total das mesmas e ficha técnica no caso da maquinaria.*
*-PREZO: mellora á alza do canón de concesión.*
*19.2.- A estes efectos, o Concello ten que aprobar as bases correspondentes coa suficiente antelación para cada convocatoria de outorgamento de concesións e cesións de uso, e que se inclúan os requisitos e criterios de adxudicación, o canón e as taxas.*
*19.3.- Considerando a maior profesionalidade e calidade do comercio e a protección das persoas consumidoras, os criterios que se poderán ter en conta para adxudicar as concesións serán, entre outros, os seguintes:*
*DA ACTIVIDADE QUE SE PRETENDE POR EN MARCHA:*
*En canto ao produto:*
*- Que poñan a venda produtos de Galicia.*
*- Que poñan a venda produtos da comarca.*
*- Que poñan a veda produtos de elaboración artesanal.*
*- Que elaboren produtos no propio mercado.*
*- Que poña á venda produtos ecolóxicos.*
*- Que realicen degustacións de produto no proio mercado.*
*En canto aos servizos:*
*- Que permitan o pago con tarxeta.*
*- Que fagan entrega a domicilio.*
*- Que empreguen materiais biodegradables no empaquetado.*
*- Que estean de alta no SAC (Sistema Arbitral de Consumo).*
*DAS OBRAS E EQUIPAMENTO PROPOSTO.*
*En canto as obras e equipamentos:*
*- O emprego de materiais naturais e propios da zona e acordes coa Memoria decorativa do Mercado de Pontedeume.*
*- A instalación de maquinaria de baixo consumo.*
*-Prezo: mellora á alza do canón de concesión.*
*19.4.- Cando resulte deserta a licitación logo do correspondente procedemento de concorrencia competitiva ou resulte fallida polo incumprimento das obrigas do autorizado, poderá procederse á adxudicación directa polo órgano competente dos postos restantes que non foran adxudicados ata a cobertura da totalidade dos dispoñibles, sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no presente prego.*
*Neste suposto cabe que esta adxudicación directa teña lugar a favor dun dos adxudicatarios/as dalgún dos postos xa concedidos, previa autorización expresa do Concello por razóns de interese público en pro da dinamización económica ou comercial; neste caso o número de postos máximos por titular será de dous, tendo preferencia, no caso de empate na puntuación obtida e de ser o caso, a adxudicación ao colindante dun posto previamente adxudicado.*
*O procedemento para o outorgamento directo iniciarase pola Administración mediante anuncio na páxina web de apertura de prazo para a presentación de ofertas para cobertura das vacantes.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*As persoas interesadas disporán do prazo que se determine na convocatoria para presentar a súa solicitude por Rexistro Xeral de entrada, onde conste o nº de posto vacante ao que se pretende acceder, aportando a seguinte documentación:*
*a) Documentación que acredite a capacidade de obrar do solicitante, e no seu caso, a representación, por calquera modo axeitado en dereito.*
*b) Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición de contratar coa administración.*
*c) Certificado de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes*
*d) Memoria da actividade.*
*Esta Memoria presentárase en dous subapartados:*
*Subapartado "A": Memoria da actividade.*
*Conterá unha memoria de explotación do posto na que o candidato presentará o seu proxecto de actividade do posto de mercado ó que licita. Nesta memoria poden incluírse aspectos relativos á actividade que se pretende por en marcha, tales como:*
*En referencia ao produto, produtos da bisbarra, ecolóxicos, elaboración artesanal, explicando a trazabilidade e subministradores.*
*En referencia ao empaquetado: utilización no empaquetado de materiais biodegrables e bolsas reutilizables.*
*En referencia aos servizos: Forma de pago, entrega a domicilio, estar dados de alta no Servizo de Arbitraxe de Consumo (SAC).*
*Neste apartado poden incluírse medidas medioambientais e medidas referentes á prestación do servizo, atendendo aos criterios de valoración establecidos nos pregos de cláusulas administrativas.*
*Subapartado "B": Memoria da adecuación do posto: obras a realizar e equipamento.*
*Conterá unha descrición do acondicionamento do posto facendo referencia entre outros aspectos, ás obras a executar e que materiais se utilizarán nese acondicionamento, así coma tipo de maquinaria atendendo a natureza de actividade a desenrolar incluíndo a ficha técnica da maquinaria*
*Nesta adecuación do posto de mercado terase que cumprir a normativa de seguridade e saúde e a normativa sanitaria, no que respecta as condicións mínimas das instalacións que se inclúan dentro dos postos (maquinaria, neveiras, frigoríficos) e demais normativa aplicable.*
*O non cumprimento da normativa aplicable comportará a exclusión no procedemento de licitación.*
*e) Oferta económica que conterá os seguintes datos:*
*OPTO AOS POSTOS NÚMERO (indicar por orde de preferencia):*
*Nº posto:...*
*PRESENTO A SEGUINTE OFERTA ECONÓMICA:*
*Canón mínimo do posto:*
*Contía na que se incrementa o canón mínimo:*
*Canón total ofertado:*
*Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta no presente procedemento de adxudicación directa, no caso de que concurran mais dunha oferta sobre o mesmo posto, atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.*
*A. Criterios cuantificables automaticamente*
*— Maior canon ofrecido: Ata un máximo de 60 puntos.*

| *Nº LOCAL **(E ALMACÉN ASIGNADO)*** | *TOTAL M2* | *CANON MÍNIMO* |
|---|---|---|



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

| | | |
|---|---|---|
| 1 | 27,62 | 2.406,04 |
| 2 | 42,10 | 3.667,43 |
| 3 | 42,19 | 3.675,27 |
*Os centros de saúde galegos sofren unha situación de saturación crecente, derivada da falta de profesionais médicos e de enfermaría, da ausencia de substitucións axeitadas e dunha sobrecarga asistencial que se está a converter en estrutural. Isto tradúcese en axendas desbordadas, tempos de atención insuficientes e dificultades reais para garantir unha asistencia sanitaria de calidade.*

*A isto engádese o incremento das listas de espera, tanto para consultas como para probas*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*diagnósticas, así como a precariedade laboral e a falta de estabilidade dos profesionais, factores que dificultan gravemente a cobertura de prazas, especialmente no ámbito rural, onde a situación é aínda máis crítica.*

*No caso de Pontedeume a veciñanza está a trasladar as súas queixas por unhas listas de agarda para cita asistencial co seu /sua médico de cabeceira de alo menos 10 días, as veces ata 15 días para análises de sangue.*

*As mobilizacións do persoal sanitario e as reiteradas advertencias das organizacións profesionais poñen de manifesto un malestar crecente e sostido, que evidencia que o problema non é conxuntural, senón estrutural, e que require decisións políticas de fondo e non simples medidas correctoras.*

*O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) estrutúrase formalmente en dous niveis asistenciais,*
*Atención Primaria e Atención Hospitalaria, que deberían funcionar de maneira coordinada e equilibrada. Porén, na práctica, este equilibrio está claramente roto.*

*A Atención Primaria, lonxe de actuar como eixo vertebrador do sistema, está a ser progresivamente debilitada e desbordada, mentres que a presión asistencial se traslada de forma crecente ao nivel hospitalario, xerando carencias , colapsos e unha perda de capacidade resolutiva global do sistema sanitario.*

*Esta situación non é allea ás decisións de planificación sanitaria adoptadas nos últimos anos, caracterizadas por unha insuficiente dotación de recursos, unha falta de previsión na incorporación de profesionais e unha escasa aposta real pola Atención Primaria como nivel estratéxico.*

*As consecuencias son visibles: demoras asistenciais inasumibles, saturación dos centros de saúde, sobrecarga continuada dos profesionais e unha crecente deterioración da calidade da atención sanitaria que recibe a cidadanía.*

*A isto súmanse as dificultades específicas do ámbito rural, onde a falta de profesionais e a dispersión xeográfica poñen en risco o principio de equidade territorial no acceso á sanidade pública.*

*En definitiva, estamos ante unha situación de deterioro progresivo dun dos piares fundamentais do Estado do benestar en Galicia, que require unha resposta política inmediata, estrutural e valente.*

*Por todo o exposto, resulta imprescindible reorientar o modelo sanitario galego, reforzando de maneira real e efectiva a Atención Primaria, garantindo recursos suficientes e situando novamente a saúde pública como unha prioridade política e orzamentaria.*

*O Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopten os seguintes*

*ACORDOS:*

*1. Instar á Xunta de Galicia a asumir a responsabilidade da situación actual da Atención Primaria e adoptar medidas inmediatas para reforzar os centros de saúde con persoal suficiente, estable e debidamente planificado.*

*2. Esixir a posta en marcha dun plan estrutural e urxente de reforzo da Atención Primaria, que contemple a redución efectiva da carga asistencial, a mellora das condicións laborais e a cobertura real das prazas vacantes, así como un incremento substancial do investimento nesta área, tanto en recursos humanos como en infraestruturas e equipamentos, co obxectivo de recuperar a súa capacidade resolutiva.*

*3. Garantir medidas específicas e urxentes para o ámbito rural, que aseguren a equidade territorial e o dereito efectivo á atención sanitaria en todo o territorio.*

*4. Instar á apertura dun proceso real de diálogo e negociación cos profesionais sanitarios e coas organizacións representativas, con capacidade efectiva de participación na planificación do sistema.*

*5. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e ás autoridades sanitarias competentes".*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que indica que o voto do seu grupo vai ser favor.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para dicir que son conscientes de que a pesar de que se están a facer cousas, estas non son suficientes, polo que o seu voto vai ser a abstención.

Sen máis intervencións sométese a votación a moción presentada, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DEZ VOTOS A FAVOR (10),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Ángela Piñeiro Carrera; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e Dª Rocío Pena Pena; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

1. Instar á Xunta de Galicia a asumir a responsabilidade da situación actual da Atención Primaria e adoptar medidas inmediatas para reforzar os centros de saúde con persoal suficiente, estable e debidamente planificado.

2. Esixir a posta en marcha dun plan estrutural e urxente de reforzo da Atención Primaria, que contemple a redución efectiva da carga asistencial, a mellora das condicións laborais e a cobertura real das prazas vacantes, así como un incremento substancial do investimento



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



nesta área, tanto en recursos humanos como en infraestruturas e equipamentos, co obxectivo de recuperar a súa capacidade resolutiva.

3. Garantir medidas específicas e urxentes para o ámbito rural, que aseguren a equidade territorial e o dereito efectivo á atención sanitaria en todo o territorio.

4. Instar á apertura dun proceso real de diálogo e negociación cos profesionais sanitarios e coas organizacións representativas, con capacidade efectiva de participación na planificación do sistema.

5. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e ás autoridades sanitarias competentes.

**10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN DEFENSA DO SECTOR MARISQUEO E DAS ARTES MENORES DE PONTEDEUME.**

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura a moción presentada.

***"MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR DO MARISQUEO E DAS ARTES MENORES DE PONTEDEUME.***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*O sector do marisqueo de Pontedeume, tanto a pé como a flote, así como o sector de artes menores, está a atravesar unha situación de extrema gravidade, derivada da paralización da súa actividade durante semanas por recomendacións emitidas pola propia Xunta de Galicia.*

*Esta paralización, asumida con responsabilidade polas persoas traballadoras co obxectivo de preservar o futuro produtivo da ría, non foi acompañada de medidas suficientes de apoio económico nin dun plan integral de compensación por parte da administración autonómica.*

*No caso do marisqueo a flote, a situación resulta especialmente preocupante, ao non terse previsto inicialmente ningún mecanismo específico de apoio. Pola súa banda, no marisqueo a pé, as indemnizacións habilitadas resultan claramente insuficientes para compensar as perdas reais sufridas polas persoas traballadoras, agravando así a situación de precariedade do conxunto do sector.*

*Pola súa parte, o sector de artes menores leva máis de dous meses sen poder desenvolver a súa actividade, sen que ata o momento se teña habilitado ningún tipo de axuda específica, o que sitúa a estas persoas traballadoras nunha situación de especial vulnerabilidade e*
*desprotección.*

*Tras a reunión mantida coa Consellería do Mar, o conxunto do sector atopouse cunha resposta claramente insuficiente, recoñecéndose explicitamente a inexistencia de medidas específicas, especialmente no caso do marisqueo a flote e das artes menores.*

*Resulta especialmente grave que a Xunta de Galicia, sendo a administración competente en materia de xestión destas actividades —incluíndo a regulación da actividade, a apertura e peche dos bancos marisqueiros e a supervisión técnica—, derive agora a responsabilidade cara ao Estado, instando ao sector a acudir ao Instituto Social da Mariña (ISM) para solicitar*
*o cese de actividade.*

*Esta actuación supón unha clara deixación de funcións e un traslado inxustificado de responsabilidades, xerando unha situación de indefensión para as familias que dependen directamente destas actividades.*

*Dende o pasado 20 de xaneiro, moitas destas familias levan sen percibir ingresos, o que agrava aínda máis unha situación xa de por si crítica.*

*Por todo o exposto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades e adopte medidas urxentes, suficientes e equitativas para garantir a supervivencia do sector do marisqueo e das artes menores de Pontedeume no seu conxunto.*

***ACORDOS***

*Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Pontedeume somete á consideración do Pleno os seguintes acordos:*

*O Pleno do Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia a:*

1. *Constituír de maneira inmediata unha mesa de negociación real e específica cos sectores do marisqueo (a pé e a flote) e das artes menores de Pontedeume, garantindo a súa participación directa na toma de decisións.*

2. *Establecer axudas económicas directas por lucro cesante para o marisqueo a flote e para o sector de artes menores, destinadas a compensar as perdas sufridas polas persoas traballadoras tras seguir as recomendacións da propia Consellería do Mar.*

3. *Revisar de maneira urxente as indemnizacións destinadas ao marisqueo a pé, incrementando as súas contías para que resulten suficientes e acordes coas perdas reais sufridas polas persoas traballadoras do sector.*

4. *Habilitar de maneira inmediata liñas de apoio específicas para o sector de artes menores, garantindo que reciban compensacións económicas tras máis de dous meses de inactividade.*

5. *Asumir plenamente as súas competencias e responsabilidades, evitando derivar a outras administracións solucións que lle corresponden, e poñendo fin á situación de incerteza e desprotección do conxunto do sector.*

6. *Garantir un trato equitativo entre o marisqueo a pé, o marisqueo a flote e o sector de artes menores, adoptando medidas que atendan de maneira xusta e equilibrada ás necesidades de todos eles.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PkcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

7. *Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar, así como ás entidades representativas dos sectores afectados de Pontedeume.*

Continúa a **sra. Bellón** dicindo que esta moción que deriva das xuntanzas que se mantiveron cos representantes dos sectores do marisqueo de a pé como do de flote coma outras artes menores, que lles trasladaron estas inquedanzas; que Pontedeume é unha vila mariñeira, que é un sector duro e mal remunerado, pois aínda encima teñen moitos atrancos e dificultades e non están apoiados o que aboca a desaparición deste sector.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que di que están de acordo coa moción, amosan a solidariedade do seu grupo con este sector, non so ámbito de Pontedeume, senón con todo o sector galego, anunciando o voto favorable do seu grupo.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que é un sector moi duro e nada recoñecido, pero piden modificar a moción presentada engadindo o seguinte punto: *"Pedir ao Estado que deixen de cobrar os 300 euros da cota da seguridade social cando non ingresen nada",* e di que xa trasladaron ao Estado esta solicitude.

Responde o **sr. Presidente** que legalmente iso é imposible, non hai un mecanismo na lei da seguridade social que recolla o non pagamento das cotas por estas circunstancias que ademais sería un agravio contra outros sectores, xa hai moitos outros autónomos que pasan dificultades, mesmo o sector agrario pode perder toda unha colleita por inclemencias metereolóxicas; entende que a posición do PP é non pagar impostos, pero recorda que Galicia ten competencias nesta materia, e xa dende hai anos hai un grave problema nas rías galegas e nunca se fixeron estudos sobre a situación actual e as posibles solucións, o que cando hai problemas de toxinas pechase para todo o mundo, aínda que na zona as toxinas sexan negativos; a consellaría sabe que hai unha perda de produción pero non fan nada para darlles unha solución, nin saca axudas económicas para compensar e o único que se lles ocorre é que pedirlle ao estado que non paguen a cota de autónomas. Indica que non poden aceptar a proposta porque non é legal.

Intervén o **sr. Curbeira** para dicir que hai moitos problemas a maiores, agora teñen problema coa auga, van ter que levar a depuradora, non teñen acceso ás analíticas das augas, son pouco flexibles con este sector.

*Sendo as 13:14 horas abandona a sesión don José Simoes Couceiro, concelleiro do grupo municipal do PSOE*

Intervén a **sra. Bellón** que di que hai un agravio comparativo con outras confrarías, xa que se sabe que a Xunta inverte noutras vilas mariñeiras, que aquí se solicita pero non se atenden estas peticións.

Intervén o **sr. Presidente** para falar do tema da calidade das augas, di que o Concello de Cabanas contamina o estuario e as praias, que o Concello de Pontedeume ten renovado



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

todo o saneamento da fachada marítima de Pontedeume e ten coñecemento de que no Concello de Cabanas non se fan os controis que se estaban facendo cando había outro equipo de goberno; e anuncia que o concello vai a solicitar a Augas de Galicia os controis de vertidos realizados en ambos concellos durante os anos 2022 ao 2025, que sabe que non vai ter resposta pero di que está disposto a chegar ao penal con este asunto en defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Pontedeume. Continúa dicindo que esta situación se repite en concellos que non están gobernados polo PP.

*Sendo as 13:16 horas abandona a sesión don José Simoes Couceiro, concelleiro do grupo municipal do PSOE*

Sen máis intervencións sométese a votación a moción presentada, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes **(8 PSOE, 2 BNG e 2 PP)**, o ACORDO seguinte:

1. Constituír de maneira inmediata unha mesa de negociación real e específica cos sectores do marisqueo (a pé e a flote) e das artes menores de Pontedeume, garantindo a súa participación directa na toma de decisións.

2. Establecer axudas económicas directas por lucro cesante para o marisqueo a flote e para o sector de artes menores, destinadas a compensar as perdas sufridas polas persoas traballadoras tras seguir as recomendacións da propia Consellería do Mar.

3. Revisar de maneira urxente as indemnizacións destinadas ao marisqueo a pé, incrementando as súas contías para que resulten suficientes e acordes coas perdas reais sufridas polas persoas traballadoras do sector.

4. Habilitar de maneira inmediata liñas de apoio específicas para o sector de artes menores, garantindo que reciban compensacións económicas tras máis de dous meses de inactividade.

5. Asumir plenamente as súas competencias e responsabilidades, evitando derivar a outras administracións solucións que lle corresponden, e poñendo fin á situación de incerteza e desprotección do conxunto do sector.

6. Garantir un trato equitativo entre o marisqueo a pé, o marisqueo a flote e o sector de artes menores, adoptando medidas que atendan de maneira xusta e equilibrada ás necesidades de todos eles.

7. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Consellería do Mar, así como ás entidades representativas dos sectores afectados de Pontedeume.

**11. DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DOS TIPOS IMPOSITIVOS 2026.**

A secretaria municipal da lectura á proposta de alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

***"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA***

***REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2026***

*Expediente TEDeC: 2026/X998/000010*

*Vista a obriga de remisión de información por medios electrónicos habilitados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da súa páxina web, e concretamente da oficina de información virtual coas entidades locais, referente á comunicación de tipos impositivos.*
*Esta Alcaldía formula a seguinte* ***PROPOSTA****:*

***ÚNICO****.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 84/2026, de asunto: "Comunicación información Tipos impositivos 2026"*

As concelleiras e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

**12. DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE PRIMEIRO TRIMESTRE 2026.**

A secretaria municipal da lectura á proposta de alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN***

***DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 124/2026 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2026.***

*(Expediente TEDeC: 2026/X999/000114*

*Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:*

*"(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*
*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

*tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.*
*5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)"*

*Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,*

*Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:*

***ÚNICO**.- Dar conta do informe de Intervención de referencia **124/2026**, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao **primeiro trimestre de 2026.**"*

As concelleiras e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN».**

**13. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE CONTROL INTERNO 2025**

A secretaria municipal da lectura á proposta de alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA***

***INFORME RESUMEN ANUAL DE CONTROL INTERNO 2025***

*(Expediente TEDeC: 2026/X999/000113*

*En cumprimento do artigo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.*
*Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:*
***ÚNICO**.- Dar conta do informe de Intervención municipal de referencia 123.2026, de asunto: " Informe resumen anual del control interno 2025, en cumplimiento del artículo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local" ".*

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN».**

**14. ASUNTOS DE URXENCIA.**

Non se presentaron asuntos de urxencia



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**15. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.**

A secretaria municipal indica que consta presentada a moción do grupo municipal do BNG seguinte:

**Moción do BNG en relación á defensa das traballadoras e traballadores galegos e contra a criminalización das baixas laborais por parte do Goberno da Xunta de Galicia.**

Sométese a votación a urxencia. quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP) a **URXENCIA** coa inclusión na orde do día da moción presentada.

**15.1 MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN Á DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA.**

Toma a palabra don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG, que da lectura a moción presentada:

***"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

*Recentemente, no marco do Debate sobre o Estado da Nación, o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, presentou como principal medida en materia laboral unha proposta dirixida a endurecer o control sobre as baixas por incapacidade temporal. Esta iniciativa, lonxe de abordar as causas estruturais da precariedade ou a saúde laboral, supón un ataque directo aos dereitos da clase traballadora galega.*

*A proposta do Partido Popular parte dunha premisa insultante: situar o foco da sospeita sobre as traballadoras e traballadores, cuestionando a súa honestidade e tratando o persoal médico como cómplice de prácticas fraudulentas. Esta visión ignora deliberadamente a realidade estatística do noso país, que desmonta calquera teoría sobre o abuso da incapacidade temporal: Galiza sitúase como a segunda comunidade autónoma co índice máis baixo de baixas laborais de todo o Estado (27 por cada mil afiliados fronte á media estatal de 40).*

*O problema en Galiza non é o absentismo inxustificado, senón unha xestiónsanitaria deficiente e unha precariedade laboral alarmante que se manifesta nos seguintes puntos:*

• *Sinistralidade Laboral: Galiza lidera sistematicamente as estatísticas de accidentes de traballo, con cifras dramáticas como as 43 mortes rexistradas o pasado ano.*

• *Colapso da Sanidade Pública: Se as baixas teñen unha duración maior no noso país, é debido ás listas de espera e ao desmantelamento da Atención Primaria e Especializada, o que atrasa inevitablemente diagnósticos e tratamentos.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PkcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



*• Privatización encuberta: Esta proposta pretende utilizar o colapso sanitario como escusa para derivar competencias e recursos cara ás mutuas privadas, debilitando aínda máis o sistema público de saúde.*

*Criminalizar a quen padece unha enfermidade ou sufriu un accidente laboral é socialmente impresentábel. O que cómpre non é perseguir a doentes, senón reforzar o persoal sanitario e mellorar as condicións de seguridade nos centros de traballo.*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

***ACORDOS:***

***Primeiro.** A corporación Concello de Pontedeume amosa o seu rexeitamento á proposta irresponsábel da Xunta de Galiza de endurecer e dificultar o acceso ás baixas laborais, por considerar que criminaliza de xeito inxustificábel a clase traballadora galega.*

***Segundo.** O Pleno do Concello de Pontedeume solicita á Xunta de Galiza a pedir desculpas publicamente ás traballadoras e traballadores galegos polas acusacións intolerábeis de fraude e absentismo vertidas desde a presidencia do Goberno galego.*

***Terceiro**. O Pleno do Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galiza a:*

*• Reforzar de xeito inmediato o persoal da Sanidade Pública, especialmente en Atención Primaria, como medida imprescindíbel para garantir unha atención rápida e eficaz que reduza os tempos de recuperación das doenzas laborais.*

*• Abandonar calquera estratexia de privatización da xestión da saúde laboral a través das mutuas, por ser unha deriva vulnerábel para o sistema público e os dereitos laborais.*

*• Incrementar as políticas de prevención de riscos laborais e a vixilancia sobre a sinistralidade para frear o elevado número de accidentes e mortes no traballo en Galiza, unha situación que resulta insustentábel.*

***Cuarto.** Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza".*

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE**, que di que concordan coa moción, que o debate que impulsa a Xunta de Galicia, non parte dun diagnóstico real senón dunha construción interesada nun problema que non existe, fan una presunción de culpabilidade das persoas traballadoras e do persoal sanitario, que lles sorprende que a Xunta de Galicia poña o foco nas persoas enfermas cando son coñecedores do problema coa sanidade pública.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, que di que a realidade é diferente; a sinistralidade laboral segue existindo pero se esta a

traballar na súa redución, o colapso nos servizos primarios se esta a mellorar, se traballa coas mutuas para axilizar o tempo de baixa, que hai unha privatización encuberta é unha visión do BNG, di que non se está indo detrás dos traballadores senón de ir a buscar as causas dos atrasos nas altas para coñecer o que ocorre e buscar solucións. Indica que no mes de marzo se fixeron 126 mil revisións e se deron 30 mil altas, que tamén a realidade é que hai absentismo laboral e que as veces pagan xustos por pecadores.

Responde o **sr. Curbeira** que logo dos datos de 30 mil altas durante o mes de marzo, xa hai mecanismos de control das baixas do persoal e o que pretende a Xunta co aumento de medios e perseguir ás persoas traballadoras; di que hai datos que non se recollen porque non se estuda que tipo de baixas son, non se ten en conta o envellecemento da poboación, non se ten en conta que hai moitas probas pendentes por parte dos servizos de saúde que obrigan alongar o período de baixa médica.

Intervén a **sr. Pico** que di que son conscientes de que se fixo moita trampa con este asuntos, que hai un impacto negativo na produtividade e que buscar mecanismos de revisión non quere dicir que se culpe ao traballador.

Intervén dona **María del Rocío Pena Pena**, concelleira do grupo municipal do BNG, que di que a falta de medios aboca ao alongamento das baixas, que as persoas traballadoras se pagan do seu propio medio profesionais, como fisioterapeutas, para recuperarse canto antes.

Intervén o **sr. Curbeira** que di que este problema é unha deriva da falta de medios, obriga a recorrer a seguros privados a facer as probas que teñen pendente na sanidade pública, e aínda así as listas de espera na sanidade seguen a aumentar, o que indica claramente unha falta de medios; hai estatísticas que indican que a xente está acudindo moito a sanidade privada, de xeito individual ou porque tamén o derivan da sanidade pública, o que tamén está derivando nun incremento das listas de espera na privada. Conclúe que hai a sanidade pública está en grave risco.

Intervén a **sra. Bellón** que a asistencia a das persoas á sanidade privada é un indicador de que a xente quere curarse, que non quere estar de baixa.

Sen máis intervencións sométese a votación a moción presentada, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DEZ VOTOS A FAVOR (10),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dª M.ª Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e Dª. Ángela Piñeiro Carrera; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e Dª Rocío Pena Pena; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

**Primeiro.** A corporación Concello de Pontedeume amosa o seu rexeitamento á proposta irresponsábel da Xunta de Galiza de endurecer e dificultar o acceso ás baixas laborais, por considerar que criminaliza de xeito inxustificábel a clase traballadora galega.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



**Segundo.** O Pleno do Concello de Pontedeume solicita á Xunta de Galiza a pedir desculpas publicamente ás traballadoras e traballadores galegos polas acusacións intolerábeis de fraude e absentismo vertidas desde a presidencia do Goberno galego.

**Terceiro**. O Pleno do Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galiza a:

• Reforzar de xeito inmediato o persoal da Sanidade Pública, especialmente en Atención Primaria, como medida imprescindíbel para garantir unha atención rápida e eficaz que reduza os tempos de recuperación das doenzas laborais.

• Abandonar calquera estratexia de privatización da xestión da saúde laboral a través das mutuas, por ser unha deriva vulnerábel para o sistema público e os dereitos laborais.

• Incrementar as políticas de prevención de riscos laborais e a vixilancia sobre a sinistralidade para frear o elevado número de accidentes e mortes no traballo en Galiza, unha situación que resulta insustentábel.

**Cuarto.** Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.

**16. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.**

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DACIÓN DE CONTA***

***DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DE 23 DE MARZO DO 2026 AO 24 DE ABRIL DE 2026 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 DE ABRIL DE 2026.***

*Expediente TEDeC: 2026/G006/000110*

*De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, do número **180/2026** de 23 de marzo de 2026 ao número **255/2026** de 24 de abril de 2026, ambos os dous incluídos, os seguintes:*
"

| Nº expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| *2026/G003/000192* | *APROBACIÓN RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO RELACIÓNS: X/2026/1 E F/2026/1 E RELACIÓN FACTURAS: F/2026/2.* | *00180/2026* | *2026-03-23 12:18:00* |

| Nº expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| 2026/G003/000180 | DECRETO APROBACIÓN E PAGAMENTO DA TAXA A AUGAS DE GALICIA TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓN OBRAS DE MELLORA DE ACCESO A PÍA DENDE DP-6902 | 00181/2026 | 2026-03-23 13:29:00 |
| 2026/G003/000195 | DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA PLENO 26-03-2026 | 00182/2026 | 2026-03-23 13:39:00 |
| 2026/G003/000181 | XANTAR NA CASA 4 TRIMESTRE 2025. ACHEGA DO CONCELLO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR | 00183/2026 | 2026-03-24 14:04:00 |
| 2026/G003/000178 | DESISTENCIA DA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA LICENZA DE TAXI Nº 17. TITULAR JMLV | 00184/2026 | 2026-03-24 14:04:00 |
| 2026/G003/000200 | SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO. PASSCM 2026 | 00185/2026 | 2026-03-26 14:56:00 |
| 2026/G003/000206 | Elaboración de nóminas-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES MARZO 2026. | 00186/2026 | 2026-03-26 18:38:00 |
| 2026/G003/000201 | Elaboración de nóminas-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES MARZO 2026. | 00187/2026 | 2026-03-27 13:03:00 |
| 2026/G003/000198 | Elaboración de nóminas-INCIDENCIAS NÓMINA MES MARZO 2026. | 00188/2026 | 2026-03-27 13:03:00 |
| 2026/G003/000163 | RESOLUCIÓN PAGAMENTO SEGUROS SOCIAIS MES FEBREIRO 2026. | 00189/2026 | 2026-03-27 13:33:00 |
| 2026/G003/000193 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA | 00190/2026 | 2026-03-30 11:16:00 |
| 2026/G003/000202 | DECRETO PADRÓN DECEMBRO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS EDM 2025-26 | 00191/2026 | 2026-03-30 11:16:00 |
| 2026/G003/000177 | DECRETO APROBACIÓN E PAGAMENTO DA TAXA A AUGAS DE GALICIA TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓN OBRAS: MELLORA E REPARACIÓN DE MARXES EN ESTRADA DE VILAR A ESTEIRO. | 00192/2026 | 2026-03-30 11:16:00 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

| Nº expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| 2026/G003/000172 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº: 1, 2 , 3 E 4 DA OBRA -REHABILITACIÓN DE PALCO DE MÚSICA EN PONTEDEUME-. OBRAS MUNICIPAIS. | 00193/2026 | 2026-03-30 12:50:00 |
| 2026/G003/000186 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO 9BIS 99500000038284 | 00194/2026 | 2026-03-30 12:58:00 |
| 2026/G003/000187 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000038381 | 00195/2026 | 2026-03-30 12:58:00 |
| 2026/G003/000189 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000038191 | 00196/2026 | 2026-03-30 12:58:00 |
| 2026/G003/000188 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000038461 | 00197/2026 | 2026-03-30 12:58:00 |
| 2026/G003/000199 | DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "RESTAURACIÓN DE LA CUBERTA Y REHABILITACIÓN INTEGRAL DEL TORREÓN DE LOS ANDRADE". | 00198/2026 | 2026-03-31 11:59:00 |
| 2026/G003/000212 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 76******P | 00199/2026 | 2026-03-31 11:59:00 |
| 2026/G003/000197 | PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA. | 00200/2026 | 2026-03-31 12:03:00 |
| 2026/G003/000196 | PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA PARA DONA J.M.G.P. CON DNI 76*******N | 00201/2026 | 2026-03-31 12:43:00 |
| 2026/G003/000054 | PAGAMENTO DA TAXA AO CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA. RETIRADA DE ÁRBORE NO BORREDO. BOEBRE. | 00202/2026 | 2026-03-31 12:42:00 |
| 2026/G003/000208 | APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, FEBREIRO 2026 | 00203/2026 | 2026-03-31 12:42:00 |
| 2026/G003/000214 | DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA 01-04-2026 | 00204/2026 | 2026-03-31 14:47:00 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

| Nº expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| 2026/G003/000213 | DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN E XESTIÓN DE MEDIOS DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME | 00205/2026 | 2026-03-31 14:47:00 |
| 2026/G003/000217 | NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL, D. JLSV | 00206/2026 | 2026-04-08 09:50:00 |
| 2026/G003/000215 | NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL MRV | 00207/2026 | 2026-04-08 21:18:00 |
| 2026/G003/000219 | TESOURERÍA:  LIQUIDACIÓNS MESAS E CADEIRAS 2023 | 00208/2026 | 2026-04-08 21:18:00 |
| 2026/G003/000218 | PADRÓN DE COBRO ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN TALLERES CULTURAIS MUNICIPAIS CURSO 2025/2026 DE MES XANEIRO 2026 | 00209/2026 | 2026-04-09 14:18:00 |
| 2026/G003/000227 | EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN LISTAXE DEFINITIVA AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, GRUPO C2 | 00210/2026 | 2026-04-09 14:16:00 |
| 2026/G003/000216 | TESOURARÍA: EXPTE.. 3518/16024.- TRASLADO POR COMPETENCIA, RECURSO PROV. APREMIO LIQ. TAXA MERCADOS 2024 1º SEMESTRE. (APORTA JUST. INGRESO EN VOLUNTARIA, PROCEDE ANULACIÓN LIQUIDACIÓN) | 00211/2026 | 2026-04-09 14:18:00 |
| 2026/G003/000122 | ACCESO INFORMACIÓN PÚBLICA. ACCESO AO EXPEDIENTE OBTENCIÓN SELO DE MERCADO EXCELENTE. | 00212/2026 | 2026-04-09 14:39:00 |
| 2026/G003/000229 | DECRETO ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A  "MELLORA DA DIXITALIZACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO" | 00213/2026 | 2026-04-10 11:16:00 |
| 2026/G003/000205 | APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS ENERXÍA ELÉCTRICA F/2026/5.- | 00214/2026 | 2026-04-13 12:16:00 |
| 2026/G003/000234 | NOMEAMENTO DE LMCS, FUNCIONARIA INTERINA  PARA O POSTO DE AUX ADMINISTRATIVA(C2) | 00215/2026 | 2026-04-13 12:20:00 |
| 2026/G003/000204 | APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/4 | 00216/2026 | 2026-04-13 12:21:00 |
| 2026/G003/000207 | APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS X/2026/3. CONTA 413. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL.- | 00217/2026 | 2026-04-13 12:21:00 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

| Nº expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| 2026/G003/000226 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 34306 2025 | 00218/2026 | 2026-04-13 12:48:00 |
| 2026/G003/000203 | APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/3. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL. ALCALDÍA.- | 00219/2026 | 2026-04-13 12:21:00 |
| 2026/G003/000225 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 36490 2025 | 00220/2026 | 2026-04-13 12:21:00 |
| 2026/G003/000224 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000038757 | 00221/2026 | 2026-04-13 12:48:00 |
| 2026/G003/000223 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000038666 | 00222/2026 | 2026-04-13 12:26:00 |
| 2026/G003/000222 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000038585 | 00223/2026 | 2026-04-13 12:48:00 |
| 2026/G003/000221 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 33505/2025 | 00224/2026 | 2026-04-13 12:51:00 |
| 2026/G003/000220 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000038285 | 00225/2026 | 2026-04-13 12:51:00 |
| 2026/G003/000228 | SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE. AICP | 00226/2026 | 2026-04-13 12:25:00 |
| 2026/G003/000231 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMIENTO PARA PERSONAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE . DCDP | 00227/2026 | 2026-04-13 12:27:00 |
| 2026/G003/000232 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE. | 00228/2026 | 2026-04-13 12:27:00 |
| 2026/G003/000230 | PADRÓN PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS MARZO 2026 | 00229/2026 | 2026-04-13 12:27:00 |
| 2026/G003/000233 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 3. EXPROPIACIÓNS.- | 00230/2026 | 2026-04-13 12:27:00 |
| 2026/G003/000235 | SOLICITUDE SUBVENCIÓN COMPOSTEIROS MT975T | 00231/2026 | 2026-04-15 11:53:00 |
| 2026/G003/000236 | SOLICITUDE SUBVENCIÓN MEMORIA HISTÓRICA DEPUTACIÓN 2026 | 00232/2026 | 2026-04-15 14:08:00 |
| 2026/G003/000239 | DECRETO CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 16 DE ABRIL DE 2026 | 00233/2026 | 2026-04-15 14:08:00 |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

| Nº expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| *2026/G003/000237* | *MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 6, XERACIÓN DE CRÉDITO 2, PERSOAL OFICINA TURISMO. DEPUTACIÓN.-* | *00234/2026* | *2026-04-15 14:45:00* |
| *2026/G003/000238* | *LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS- MODELO 111, IRPF, MARZO 2026* | *00235/2026* | *2026-04-16 13:08:00* |
| *2026/G003/000240* | *SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO INCREMENTO DO MÓDULO DE FINANCIACIÓN DO SAF DEPENDENCIA SEGUNDO A ORDE DO 26 DE MARZO DO 2026.* | *00236/2026* | *2026-04-17 11:02:00* |
| *2026/G003/000244* | *NOMEAMENTO DE DIRECTOR DE OBRA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE NA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MELLORA DA DIXITALIZACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO* | *00237/2026* | *2026-04-17 11:02:00* |
| *2026/G003/000241* | *DECRETO DELEGACIÓN FUNCIÓNS ALCALDÍA. DÍAS 24 AO 28 ABRIL INCLUÍDOS* | *00238/2026* | *2026-04-17 11:02:00* |
| *2026/G003/000248* | *DECRETO CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE PLENO DE DÍA 22 DE ABRIL DE 2026* | *00239/2026* | *2026-04-20 11:19:00* |
| *2026/G003/000247* | *DECRETO CONVOCATORIA CIAEF EXTRAORDINARIA URXENTE DE DÍA 22-04-2026* | *00240/2026* | *2026-04-20 11:19:00* |
| *2026/G003/000250* | *DECRETO CORRECCIÓN ERROS NO DECRETO 238/2026 DE 17-04 DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA 24-28 DE ABRIL (AMBOS INCLUÍDOS)* | *00241/2026* | *2026-04-21 13:10:00* |
| *2026/G003/000252* | *CONTRATACIÓN DAS OBRAS NO EXTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALÉ ROSA* | *00242/2026* | *2026-04-21 13:39:00* |
| *2026/G003/000251* | *ACCESO INFORMACIÓN PÚBLICA. ACCESO EXPEDIENTE 2021-v013-000002 . AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN TERRAZA.* | *00243/2026* | *2026-04-21 13:39:00* |
| *2026/G003/000254* | *CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DÍA 23 DE ABRIL DE 2025* | *00244/2026* | *2026-04-22 12:38:00* |



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PkcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



| *Nº expediente* | *Asunto* | *Nº Decreto* | *Data sinatura* |
|---|---|---|---|
| *2026/G003/000257* | *CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE DÍA 27 DE ABRIL DE 2026* | *00245/2026* | *2026-04-22 14:40:00* |
| *2026/G003/000256* | *CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE PLENO DE DÍA 27 DE ABRIL DE 2026* | *00246/2026* | *2026-04-22 14:40:00* |
| *2026/G003/000253* | *SOLICITUDE DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN V XORNADAS IGUALDADE 2026;CORRESPONSABILIDADE, NOVOS USOS DO TEMPO E SAÚDE: UN NOVO MODELO DE ORGANIZACIÓN* | *00247/2026* | *2026-04-22 15:01:00* |
| *2026/G003/000242* | *APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS 2026 F/2026/6.-* | *00248/2026* | *2026-04-22 15:01:00* |
| *2026/G003/000245* | *APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/9 E X/2026/5 - 413 REC ALCALDÍA* | *00249/2026* | *2026-04-22 15:01:00* |
| *2026/G003/000246* | *APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/10. ALCALDÍA.-* | *00250/2026* | *2026-04-22 15:01:00* |
| *2026/G003/000255* | *CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-BOLSA SUBSTITUCIÓNS LIMPADOR/A* | *00251/2026* | *2026-04-24 11:40:00* |
| *2026/G003/000261* | *SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2025/2026* | *00252/2026* | *2026-04-24 11:40:00* |
| *2026/G003/000260* | *Convocatoria selección persoal-PROCESO SELECCIÓN TÉCNICO DE XESTIÓN A2.* | *00253/2026* | *2026-04-24 14:54:00* |
| *2026/G003/000271* | *NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL, JLSV O DÍA 27.04.2026.* | *00254/2026* | *2026-04-24 14:53:00* |
| *2026/G003/000273* | *CONTRATACIÓN DAS OBRAS NO EXTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CHALÉ ROSA* | *00255/2026* | *2026-04-24 14:57:00* |

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**17. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Na sesión do pleno do mes de marzo, as respostas non se incorporaron á acta porque non foron entregadas polo grupo de goberno aos grupos políticos no momento de inicio da sesión, polo que tal e como figura na acta da sesión plenaria de 26-03-2026, se inclúen na seguinte sesión.

**17.1. RESPOSTAS AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO MES DE 26-03-2026.**

**Pregunta 1. PRAZA DO CONDE**. O estado actual das liñas azuis que delimitan o estacionamento, presenta un avanzado estado de deterioro, resultando en moitos tramos case invisíbeis para as usuarias.

Ten o Goberno Local previsto realizar o repintado das liñas de estacionamento na Praza do Conde? Existe algunha data estimada para estes traballos?.

Doutra banda, diversas veciñas/os nos trasladaron o seu malestar pola actual configuración do aparcadoiro, xa que ao realizar a manobra de marcha atrás xéranse dificultades, especialmente cando hai vehículos grandes na zona de estacionamento.

Ten o goberno algún informe técnico para valorar se realizando cambios nas prazas ou na forma de estacionar melloraría a comodidade e a seguridade da manobra nesa zona? E no caso de que a mellore aproveitar para implementalo co novo repintado.

**Resposta do goberno**. Sí, de feito xa se solicitou orzamento para realizar eses traballos meses atrás. Estamos á espera da dispoñibilidade da empresa para realizar eses traballos que se adiaron polas choivas das semanas precedentes, pero que en todo caso realizaranse o antes posible.

O pintado desas prazas no seu momento, realizouse seguindo as indicacións da Policía Local. Pero sendo conscientes das dificultades que poñen de manifesto algúns condutores, ás que fan referencia tamén vostedes, pintaranse de novo coa dirección que existía con anterioridade, o que permitirá aparcar de cara.

**Pregunta 2. QUEIXAS RUÍDO**. Trasladáronnos queixas veciñais polo volume elevado da música e a duración prolongada destes eventos en espazos como a Alameda ou a Casa da Cultura, o que pode dificultar a convivencia. Considera o goberno necesario establecer criterios claros que garantan o equilibrio entre a actividade cultural e o descanso da veciñanza?

**Resposta do goberno**. Os criterios neste aspecto xa están definidos pola lexislación tanto autonómica como estatal, como deberían de saber.

Os horarios que establece o **Decreto 106/2015 e a Lei 1/2007** de Galicia dividense entre o horario diurno, entre as 8 e as 23 h e o horario nocturno entre as 23 e as 8h, pero cando falamos dunha "actuación cultural" (concerto, teatro, festival), rexe a **Orde de horarios de espectáculos públicos de Galicia** e os límites máximos de finalización adoitan ser:

1. **Actividades culturais e sociais**: Ata as 03:00 h.
2. **Espectáculos musicais e concertos**: Ata as 04:00 h.
3. **Verbenas e festas populares:** Ata as 04:00 h.

**Salas de concertos**: Ata as 04:30 h

Lembrar tamén que as actividades na Alameda estiveron suspendidas dende hai máis de 4 meses pola incapacidade de realizarse alí debido á reparación do palco da música, e que as actividades na Casa da Cultura, salvo en primavera e verán, adoitan relizarse sempre no interior por motivos obvios do condicionante meteorolóxico, polo tanto, entendemos que as queixas que lles foron remitidas non serían de actividades promovidas polo Concello. De non ser así, pregamos indiquen a que actividades se refiren.

**Pregunta 3. SEMANA SANTA.** Cal é a colaboración do Concello coa Igrexa para a Semana Santa, se é económica en que contía? A que se debe a inclusión do logotipo do Concello de Pontedeume no díptico oficial da programación que se está a repartir?.

**Resposta do goberno**. Aclarar que a Colaboración do Concello de Pontedeume coa celebración da Semana Santa, un evento de dinamización turística, económica e cultural de Pontedeume, non é coa Igrexa senón coa Cofraría da Nosa Señora das Dores, unha asociación eumesa fundada en 1765 e que ao longo dos séculos foi a encargada de coidar e preservar os diferentes elementos artísticos que interveñen na Semana Santa da vila e que pertencen ao patrimonio cultural eumés.

Dende hai moitos anos o importe que o concello adica a este evento oscila en torno aos 9.000 €, sendo a partida máis importante a destinada a sufragar os custes das actuacións musicais que acompañan aos diferentes actos e que como vostedes saberán forman parte da nosa sinal de identidade cultural, xa que nestes actos interprétanse pezas únicas en toda Galicia e que foron e seguen sendo obxecto de investigación por diferentes musicólogos ao longo da historia.

A inclusión do Logotipo do Concello no díptico ven dado pois por unha banda, pola colaboración do Concello con esta Confraría en forma de peche de rúas, control do tráfico, etc; e pola outra basicamente no que aos gastos musicais se refire.

**Pregunta 4. ORDENANZA TERRAZAS**. En que estado se atopa a redacción da nova ordenanza de terrazas?

**Resposta do goberno**. O borrador da mesma xa se atopa rematado e nos vindeiros días convocarase aos grupos da oposición e aos hostaleiros/as para darllo a coñecer.

**Pregunta 5. BEIRARRÚAS ESTRADA DP-4802**. A obra a cargo da Deputación da Coruña para a construción de beirarrúas na estrada DP-4802 que conecta Pontedeume con Miño supón a expropiación de terreos á veciñanza de Campolongo. Cónstanos o malestar de varios veciños por esta situación e a falta de información ao respecto. Contactou o concello coas persoas afectadas pola obra para negociar a cesión dos terreos ou informarlles da expropiación?.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Tamén afectará aos terreos da asociación de veciñas coa que se comprometeron a informalas cando os detalles das obras foran públicos. Informouse a esta asociación ao seu debido tempo mentres o período de alegación aínda estaba aberto?.

Respecto á realización das obras. Dispoñen vostedes dalgunha información sobre a data de inicio e o período de realización das mesmas? En caso de que sexa así, reuníronse vostedes coa veciñanza para informala ao respecto?.

**Resposta do goberno**. Non se contactou cos afectados para negociar a cesión ou expropiación, porque das 11 parcelas afectadas, 3 constan como de propietario descoñecido, o que obriga si ou si, a proceder cun expediente de expropiatorio para a totalidade das parcelas incluídas no proxecto.

Aínda non se informou á Asociación porque o proxecto non foi remitido ao Concello. Unha vez se nos faga chegar, tal e como quedamos, procederase a convocalos. Dito o cal, chama a atención que tendo unha relación fluída con  a asociación, dende a mesma se traslade esta cuestión ao seu grupo e non se poñan en contacto co concello para facelo ou para interesarse por este tema.

A Deputación aprobou inicialmente este proxecto, paso previo e obrigatorio para solicitar as autorizacións sectoriais preceptivas e iniciar os trámites expropiatorios, unha vez conten cos informes favorables desas administracións. Tras isto os afectados poderán alegar ao proceso, ao igual que poderán facer cando este sexa aprobado definitivamente, tras cumprir os pasos citados con anterioridade.

Como é lóxico e ocorre sempre, ata que todos estes procesos estean rematados (a existencia de alegacións tamén inflúe no prazo) e se liciten e adxudiquen as obras, non poderemos concretar unha data de inicio das mesmas, aínda que a previsión da deputación é inicialas no menor tempo posible e ao longo dos vindeiros meses.

Tal e como explicamos con anterioridade **e como se fixo noutros casos similares**, unha vez nos sexa remitido o proxecto, procederemos a manter cantas reunións sexan necesarias coa veciñanza para informar dos aspectos do mesmo.

**Pregunta 6. COBRO ACTIVIDADES DEPORTIVAS**. Temos constancia de que durante o pasado ano se emitiron recibos duplicados por erro no cobro de actividades deportivas. Malia que as persoas afectadas solicitaron a devolución por escrito hai xa máis de 6 meses, o reintegro aínda non se fixo efectivo.

Ten coñecemento o goberno do estado actual de tramitación destes expedientes de devolución?

.

Pode o goberno comprometer unha data aproximada para que os veciños e veciñas recuperen os importes cobrados por erro?

Por outra banda, observamos que ao igual que sucede co Servizo de Axuda no Fogar (SAF), existe un atraso sistemático nos recibos de deportes. A día de hoxe, só se cargaron os meses de setembro e outubro do ano anterior.

Cal é a razón que xustifica este atraso de case medio ano nos cobros?



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

Ten previsto o goberno regularizar a situación para evitar que se acumulen varios recibos nun mesmo mes?

**Resposta do goberno**. En relación coa cuestión dos recibos duplicados emitidos por erro no pasado ano, o goberno é coñecedor da situación e do estado de tramitación das solicitudes de devolución presentadas polas persoas afectadas. Estes expedientes están en curso e sendo xestionados polos servizos correspondentes.

Así mesmo, infórmase de que os reintegros correspondentes se realizarán nos próximos días, dando resposta ás solicitudes xa presentadas polas persoas afectadas.

En canto ao atraso na emisión dos recibos das actividades deportivas, este débese principalmente á carga inicial de usuarios ao comezo do curso, que pode situarse entre 300 e 500 altas. Este proceso require unha tramitación administrativa que demora a xeración do primeiro recibo.

A partir desa situación inicial, e co fin de evitar prexudicar ás persoas usuarias coa acumulación de varios cobros nun mesmo mes, optouse por emitir os recibos de maneira progresiva, un por mes, ata regularizar a situación.

Así mesmo, estase a traballar para que nos recibos emitidos pola Deputación conste de maneira clara o mes ao que corresponde cada cargo, co fin de mellorar a información ás persoas usuarias e evitar confusións.

En todo caso, o goberno está a traballar na automatización do proceso de alta de usuarios, o que permitirá axilizar a carga inicial e evitar estes atrasos no futuro, co obxectivo de que no vindeiro curso os recibos se emitan con normalidade e sen demoras.

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

No que respecta aos recibos do SAF, estes estanse a tramitar conforme aos prazos establecidos. A empresa encargada do servizo remite os datos unha vez finalizado o mes no que se presta, procédese á súa comprobación, á publicación do padrón correspondente e, unha vez completados estes trámites, emítense os recibos.

Neste sentido, está previsto que o día 30 se pasen os recibos correspondentes ao mes de xaneiro.

**17.2 RESPOSTAS AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP AO PLENO DO MES DE 26-03-2026.**

O grupo municipal do PP presentou para o pleno de día 26.03.2026 as seguintes preguntas:

**Pregunta 1.** Nos han informado que a día de hoy hay facturas del primer semestre del 2025 sin pagar, donde nos aseguran que no fueron pagadas en diciembre porque no había liquidez para su pago. ¿Qué tienen que decir sobre esta situación dejando a autónimos sin el pago afectando a muchos su gestións económica?

Por otra parte nos sorprende porque parte del gobierno local nos aseguró a finales de año que no había problema de liquidez cunado se preguntón por el tema del retraso de los presupuestos. ¿Cuál es la realidad?



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**Resposta do goberno**. Somos conscientes do atraso e do prexuízo que esta situación está a causar, especialmente aos autónomos afectados, e queremos trasladar que estamos a traballar para resolvela coa maior brevidade posible.
En ningún caso este atraso se debe á falta de liquidez, senón á insuficiencia de persoal no departamento de intervención,agravada ademais polas baixas de dous funcionarios, o que está a provocar demoras tanto na tramitación dos pagos como na presentación do orzamento.

**Pregunta 2 .** ¿A cuánto asciende el coste total de la obra del mercado municipal y cuánto aportó cada administración?.

**Resposta do goberno**. O custe da obra foi de 1424563,63€ dos que a deputación aportou 681383,72€ e a xunta 531638€.

Nestas contas non está incluído o custe da sinaléctica dos postos ( 14,409,10€) como tampouco están incluídos os custes da Dirección de obra, Coordinación de seguridade e saúde, elaboración do proxecto de humanización do mercado...etc.

**Pregunta 3** . Hemos sido informados por vecinos de Ricardo Sánchez que la empresa de coches que está en esa calle tienen como costumbre tirar piezas de coches fuera del horario de recogida.

¿Son conocedores de ese problema? Y si es así, ¿qué medidas están tomando al respecto?

**Resposta do goberno**. A día de hoxe non temos coñecemento de que eso estea ocurrindo, en todo caso confirmarémolo coa empresa que presta o servizo de recollida e se dará traslado igualmente á policía local.

**17.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DE DÍA 30-04-2026.**

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno de día 30.04.2026 as seguintes preguntas:

**Pregunta 1. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**. Temos constancia de que existen persoas en lista de espera para acceder ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF), e que non se están a tramitar todas as novas altas aínda que se produciron baixas no servizo nos últimos meses.
Tendo en conta isto a empresa concesionaria ten que contar necesariamente con bolsas de horas dispoñibles xa orzamentadas e contratadas polo Concello.
Cal é o motivo polo que non se están cubrindo as vacantes de xeito inmediato coas persoas que agardan na lista de espera?
Cantas horas do contrato actual coa empresa externa están hoxe sen asignar mentres hai persoas sen servizo?.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



**Resposta do goberno**. Tendo en conta a relevancia e a complexidade do tema polo que se interesan, a fin de garantir unha resposta pormenorizada e completa, solicitamos un informe ao departamento de Servizos Sociais, que transcribimos a continuación. No mesmo poderán comprobar que o sistema para conceder as altas neste servizo é máis complexo do que poida parecer e non depende en exclusiva do Concello.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**INFORME EMITIDO POLO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

**MOTIVO: EXPLICACIÓN SOBRE OS TEMPOS DE TRAMITACIÓN DE ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO DOGAR DE DEPENDENCIA**

En relación coa solicitude de explicacións acerca da demora na tramitación de altas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de dependencia tras a existencia de baixas no servizo, considérase necesario trasladar as seguintes consideracións:

**1. Sobre a asignación de recursos**

As altas no SAF non dependen exclusivamente da existencia de vacantes, senón do procedemento de asignación de recursos xestionado pola Xunta de Galicia. As ditas asignacións actualízanse semanalmente, concretamente os mércores, a través do programa correspondente. Nestas listaxes non só se inclúen novas altas, senón tamén modificacións de intensidade do servizo (incrementos de horas) de persoas xa usuarias, o que condiciona a dispoñibilidade real do servizo.

Nestes momentos no Programa de Asignación de Recursos da Xunta hai 62 persoas incluídas: un grao III (esta persoa está hospitalizada, polo que non podemos tramitar a alta), 13 graos II (tres incrementos de horas neste grupo) e 48 graos I. Temos a obriga de respectar a orde que cada persoa ten nesa lista.

Estamos prestando 2.572 horas mensuais e temos pendentes de asignación 526. O límite mensual actual é de 3.098 horas/mes.

Este mes de abril realizáronse dous aumentos de horas a dúas usuarias, de 21 e 24 horas respectivamente.

A día de hoxe estanse a tramitar, **á vez,** dúas altas de 64 horas cada unha e tres incrementos de horas de 19 horas cada un deles. Cada un deses expedientes teñen os seus tempos administrativos que describiremos a continuación.

**2. Sobre o procedemento de alta**

O proceso de incorporación ao SAF non é automático nin inmediato, xa que require unha intervención técnica garantista e centrada na persoa usuaria. Este procedemento inclúe:

- Contacto inicial coa familia desde o Departamento de Servizos Sociais, ben telefónico ou presencial, nun primeiro momento, para informalos de que xa podemos iniciar a tramitación da alta.
- Análise das necesidades expresadas, das preferencias de horarios, tarefas a desarrollar, etc.

- Información detallada sobre o funcionamento do servizo e as súas normas.

- Visita domiciliaria conxunta da coordinadora municipal do servizo coa coordinadora da empresa prestadora.





FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



Cómpre destacar que, a diferenza doutros concellos onde este proceso se delega na empresa, neste Concello asúmese directamente desde os Servizos Sociais municipais. Esta decisión responde á vontade de garantir a responsabilidade pública na xestión do servizo, dado que, aínda que o SAF é un dereito recoñecido pola Xunta, a competencia na prestación corresponde á administración municipal.

**3. Sobre o procedemento de incremento de horas de atención a persoas xa usuarias do servizo**

Este proceso é máis simplificado xa que coñecemos as características e necesidades das persoas usuarias.

- Contacto con ésta ou a súa familia para informar de que podemos proceder a tramitar o incremento de horas.

- Análise de necesidades expresadas, das preferencias de horarios, tarefas a desarrollar, etc.

- Delegación á coordinación da empresa para que realice unha visita domiciliaria e trate coa persoa usuaria e/ ou a súa familia a organización do incremento de horas mensuais

**4. Tramitación administrativa**

Tras a visita domiciliaria conxunta, no caso das altas, e tras a comunicación coa familia e coa coordinadora da empresa, no caso de aumento de horas mensuais, iníciase un proceso paralelo:

- Por parte da empresa: nova visita domiciliaria para elaborar o proxecto de intervención individual, organización de horarios, asignación de persoal auxiliar e presentación deste no domicilio.
- Por parte do Concello: tramitación administrativa a través da plataforma TEDec da Deputación da Coruña, que implica:

  - Elaboración de informe técnico de proposta de alta.
  - Remisión a Intervención municipal para fiscalización.

Neste punto é importante sinalar que actualmente se están emitindo informes desfavorables por parte de Intervención, debido á continuidade dun contrato de emerxencia coa empresa mentres non se resolve o procedemento de licitación ordinaria que xa está en curso. Esta circunstancia obriga á elaboración dun informe técnico adicional por parte dos Servizos Sociais para xustificar o levantamento do reparo.

Posteriormente:

- O expediente remítese a Secretaría

- Emítese decreto de resolución.

- Procédese á sinatura por parte da Alcaldía.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Só tras a sinatura do decreto se autoriza formalmente o inicio do servizo, momento no cal se comunica á familia e á empresa.

**5. Sobre os tempos administrativos**

É necesario subliñar que os tempos da administración pública están suxeitos a procedementos regrados, controis internos e garantías legais que non son equiparables aos ritmos de xestión dunha empresa privada.

Ademais, o persoal técnico municipal non se dedica en exclusiva ao programa de axuda no fogar, senón que atende múltiples programas e funcións establecendo prioridades en función das necesidades en cada momento. Os diferentes departamentos dun concello teñen as súas propias dinámicas de funcionamento; isto significa que, o que pode resultar importante e/ou urxente para un departamento, non ten porqué selo para outro. Sempre se tenta unha coordinación equilibrada, pero non é posible en todos os casos.

Pola contra, a empresa adxudicataria centra a súa actividade exclusivamente no SAF.

**6. Modelo de xestión do servizo**

Este Concello mantén un firme compromiso cos servizos públicos e cunha xestión responsable destes. A externalización do SAF responde exclusivamente á limitación de recursos estruturais propios dunha entidade local de aproximadamente 8.000 habitantes, que non dispón de medios suficientes para asumir directamente a prestación do servizo.

Non entanto, esta externalización non implica unha delegación da responsabilidade. Os Servizos Sociais municipais manteñen un papel activo e central en todo o proceso: valoración, tramitación, seguemento e intervención, garantindo que o servizo se preste conforme a criterios de calidade, equidade e atención personalizada.

**7. Compromiso coa xestión pública do SAF**

En relación co modelo de xestión do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), considérase necesario profundizar nunha cuestión de fondo: o compromiso real co público non se mide unicamente por quen executa materialmente o servizo, senón por quen o dirixe, o regula e asume a responsabilidade última sobre a súa calidade, equidade e adecuación ás necesidades da cidadanía.

Este Concello mantén unha posición clara: mesmo nun modelo de xestión externalizada, a intervención pública non só é necesaria, senón irrenunciable. Renunciar a ela suporía baleirar de contido a responsabilidade pública do servizo.





FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



Neste sentido resulta relevantee sinalar que:

- A decisión de que os Servizos Sociais municipais asuman directamente o proceso de altas (valoración, contacto coas familias, supervisión do diseño da intervención) non responde a unha cuestión organizativa menor, senón a unha aposta consciente por manter o control público do acceso ao dereito.

- Delegar integramente este proceso na empresa suporía desprazar funcións propias do público cara a un axente privado, limitando a capacidade da administración para garantir criterios de equidade, priorización ténica e adecuación ás necesidades reais.

- A intervención municipal non ralentiza o procedemento por falta de dilixencia, senón que introduce garantías: coñecemento directo das situacións, valoración profesional independente e supervisión do proceso desde o interese xeral.

Desde esta perspectiva, convén reflexionar sobre qué modelo se está defendendo cando se cuestiona este funcionamento:

- Un modelo no que a administración pública asume un papel activo, garantista e responsable aínda que iso implique tempos administrativos e procedementos reglados.

- Ou un modelo no que, en aras dunha maior rapidez, se reduza a intervención pública en favor da empresa prestadora.

Este Concello entende que a defensa dos servizos públicos non pode limitarse a unha declaración de principios, debe concretarse na práctica diaria: non delegar funcións esenciais, manter a capacidade de decisión en mans públicas e priorizar a calidade e a equidade fronte á inmediatez.

Cómpre lembrar que a externalización do servizo non responde a unha elección ideolóxica, senón a unha limitación estrutural derivada da capacidade organizativa e de recursos dunha entidade local das dimensións do noso concello. Precisamente por iso, reforzar o papel dos Servizos Sociais municipais na xestión e supervisión do SAF constitúe unha forma de compensar esa externalización, asegurando que este servizo continúe sendo, en esencia, un servizo público orientado ao interese xeral e non únicamente unha prestación executada por un operador privado.

**8. Organización interna da empresa e bolsas de horas**

En relación coas manifestacións trasladadas polo comité de empresa da entidade prestadora, relativas á xestión das denominadas "bolsas de horas" do persoal auxiliar, considérase necesario realizar as seguintes aclaracións:

- En primeiro lugar, a organización do tempo de traballo, a planificación de xornadas, a distribución horaria e, no seu caso, a xestión de bolsas de horas do persoal auxiliar constitúen aspectos propios da xestión interna da empresa adxudicataria. Estas cuestións enmárcanse dentro das súas competencias

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

como empregadora e forman parte da súa responsabilidade na organización do servizo desde o punto de vista laboral.

- A existencia de desaxustes entre horas contratadas e horas efectivamente prestadas pode producirse en contextos de variación da demanda (baixas, modificacións de intensidade, novas altas), pero corresponde á empresa adoptar as medidas organizativas necesarias para a súa adecuada xestión, de conformidade coa normativa laboral e co convenio colectivo de aplicación.

- Por outra banda, é importante sinalar que o sistema de acceso ao SAF de dependencia non responde a unha lóxica de substitución automática e inmediata de baixas por altas. As incorporacións dependen da asignación de recursos por parte da Xunta de Galicia e da posterior tramitación administrativa municipal, o que introduce unha variabilidade estrutural no volume de horas do servizo.

  Esta variabilidade non ten carácter excepcional, senón que é inherente ao propio funcionamento do sistema público de atención á dependencia, polo que debe ser prevista e contemplada pola empresa na súa planificación de recursos humanos desde o inicio da prestación do servizo.

- Neste sentido, trasladar ao Concello a responsabilidade sobre posibles desequilibrios na carga de traballo do persoal non resulta adecuado, en tanto que:

  - O Concello actúa conforme a procedementos regrados, sometidos a control e condicionados por outras administracións.

  - Non ten capacidade de intervención na xestión laboral interna da empresa.

  - Non pode supeditar a tramitación administrativa, que debe axustarse á legalidade e a criterios técnicos, ás necesidades organizativas da entidade adxudicataria.

- Convén sinalar, ademais, que supeditar os tempos de tramitación administrativa ás necesidades organizativas da empresa podería implicar que o acceso a un dereito subxectivo como o SAF quedase condicionado por criterios de dispoñibilidade empresarial, e non pola valoración técnica das necesidades das persoas usuarias, o cal resultaría incompatible cunha xestión pública garantista.

- Así mesmo, cada unha das partes implicadas na prestación do servizo —administración e empresa— actúa no ámbito das súas respectivas competencias, sen que resulte procedente trasladar a unha as responsabilidade propias da outra.

  En todo caso, a prioridade da administración pública non pode situarse no equilibrio interno da organización empresarial, senón en garantir unha atención axeitada, equitativa e axustada a dereito ás persoas en situación de dependencia.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/



**9. Conclusión**

As demoras na tramitación de altas non responden a unha falta de dilixencia, senón á complexidade do procedemento, ás garantías administrativas necesarias e á situación contractual actual, que introduce fases adicionais de fiscalización.

Pode comprobarse que sempre se realizan varias tramitacións de altas ou incrementos de horas ao mesmo tempo para axilizar o proceso de adxudicación de horas. O que non se pode pretender á a inmediatez deses procedementos.

Por todo o anterior, conclúese que as dificultades sinaladas polo comité de empresa deben ser abordadas no ámbito da xestión interna da entidade prestadora, sen que poidan imputarse á actuación do Concello, que se rexe por criterios de legalidade, responsabilidade pública e atención ás persoas usuarias.

Reitérase o compromiso deste Concello coa mellora continua do servizo, coa defensa do público (na medida das posibilidades reais) e coa atención axeitada ás persoas en situación de dependencia, dentro do marco normativo e dos recursos dispoñibles.

Firmado por SANCHEZ
MARTINEZ MARIA OLIMPIA
- ***4482** el día
29/04/2026 con un
certificado emitido
por AC FNMT Usuarios

**Pregunta 2. PISTA VILAR**. Unha vez aprobados en pleno os orzamentos municipais para o exercicio 2026, ten previsto o Goberno de Pontedeume iniciar as obras de limpeza e acondicionamento da antiga pista de Vilar para transformar este espazo, actualmente usado como escombreira? Vaise recuperar a antiga función de pista polideportiva ou teñen pensado outros usos?.

**Resposta do goberno**. Hai algo máis dun mes que procedeuse a solicitar orzamento para a limpeza e peche da mencionada pista, o que impedirá os comportamentos incívicos que a converteron nun vertedoiro ilegal. Tras isto, realizarase un levantamento topográfico da mesma e en base ao informe resultante, valoraremos distintas alternativas.

**Pregunta 3. EDIFICIO DO PICHO**. Xa van máis de 5 anos do anuncio na prensa de que se ía comprar este edificio. En que estado se atopa o expediente para a compra do Edificio do Picho? Sábese xa cal é o custo do derribo da estrutura do edificio? Está rematado o estudo para o futuros usos deste espazo?

**Resposta do goberno.** Como deberían saber, no pleno extraordinario da pasada semana aprobamos os orzamentos para o presente ano 2026. Nos mesmos, vai contemplada unha partida para a adquisición dese inmoble, polo que unha vez que entren en vigor, procederase tal e como xa está acordado coa propiedade, á compra do mesmo ante notario. O importe do proxecto de demolición é de 107.064,22€ + IVE, polo que unha vez licitado e adxudicado, tendo en conta as baixas ofertadas polas empresas, poderemos darlles o dato exacto

, que en todo caso será inferior a esa cantidade.

A proposta para ese ámbito é a de creación de prazas de aparcamento, unha zona verde cun miradoiro e hortas urbanas.

**Pregunta 4.** PEPRI + ARI. Tendo en conta os anos transcorrido desde os últimos anuncios sobre a tramitación do PEPRI e do ARI, documentos fundamentais para a planificación do noso concello. Podería o Goberno municipal informar en que fase de tramitación se atopan actualmente ambos documentos e cal é a previsión para a súa presentación en sesión plenaria?

**Resposta do goberno.** Coa entrada en vigor do presuposto municipal sairá a licitación a tramitación da última fase do PEPRI, previa á aprobación inicial do documento. Polo que unha vez rematado ese trámite, elevarase ao pleno. Tal e como contempla a lexislación vixente, cando ese documento entre en vigor, poderase tramitar o ARI.

**Pregunta 5. VIVENDA PÚBLICA**. Houbo avances na procura de terreos segundo os criterios da Consellería? De ser así, cantas parcelas foron identificadas ata o de agora e cal é a porcentaxe de titularidade municipal entre as xa analizadas?
En que data estima o Goberno que finalizará esta análise técnica para proceder á comunicación oficial dos terreos dispoñibles?
Por outra banda, existen avances na adhesión ao Plan Rexurbe?

**Resposta do goberno**. A pasada semana mantivemos novos contactos coa Delegación Territorial da Consellería de Vivenda, analizando en común varias potenciais parcelas para a



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

construción de vivenda pública. Tan pronto como devandito organismo nos confirme a viabilidade das propostas que desde o Goberno Local fixémoslles chegar, serán coñecedores das mesmas.

Entre as analizadas, hai dúas de titularidade municipal e dúas de carácter privado.

Segundo se nos trasladou, para conquerir con total garantía a aplicación do Rexurbe, sería convinte ter tramitados os dous mecanismos anteriores.

Así mesmo, á par destas xestións, dende o Goberno Local estamos a tramitar a declaración de BIC do caco histórico.

A maior afondamento, compre salientar que nos últimos 5 anos, concedéronse máis licencias de rehabilitación no casco histórico, que nos 25 anteriores.

**Pregunta 6. PRAIAS.** Ten información o goberno local da situación actual das praias este ano? Estarán habilitadas para o baño as augas de Centroña e Ver? Sopazos segue con calidade insuficiente?

**Resposta do goberno**. A Consellería de Sanidade informounos o pasado día 16 da clasificación sanitaria das zonas de baño, sendo esta a mesma que no ano 2025. A calidade da auga é excelente nas praias de Insua e Perbes-Andahío, mentres que resulta insuficiente na praia de Sopazos.

Sobre esta última compre aclarar que o estado das súas augas está provocado polos en gran medida polos vertidos que se realizan ao estuario dende o veciño concello de Cabanas; posto que como saben, o saneamento da fachada marítima de Pontedeume atópase totalmente renovado e no concello veciño existe un colector que actúa como aliviadoiro dun bombeo que recolle as augas residuais de Adeza. A fin de poder aclarar e solventar esta situación, imos solicitar ao ente Augas de Galicia toda a información da que dispoñan, incluíndo á referida aos controis de vertidos.

No que ás praias de Centroña e Ver se refire, que como saben foron retiradas do listado de zonas de baño, compre aclarar que estamos á espera de que se rematen os traballos de reparación dun cadro do bombeo de Ver para poñer esa instalación e a de Centroña a pleno rendemento, o que permitirá a utilización deses areais sen ningún tipo de problema e tramitar así a súa inclusión de novo no listado oficial de zonas de baño.

**Pregunta 7. VILA DO LIBRO**. Nove meses despois da segunda edición da Vila do Libro, varias persoas conferenciantes denuncian que aínda non percibiron a contía económica pactada pola súa participación no evento. Cónstanos que a día de hoxe ningunha delas percibiu a cuantía económica pactada pola súa participación.
É coñecedor o concello desta situación?
Cal é a relación contractual exacta que mantén o Concello con dita empresa e cal é o estado de execución do contrato ou dos pagos municipais á mesma?
Ten previsto realizar unha terceira edición coa mesma empresa organizadora?

**Resposta do goberno.** O Concello é coñecedor desta situación e tal como xa se explicou no seu momento na prensa escrita, neste mesmo pleno de abril, aprobarase un



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

reconecemento extraxudicial de crédito que dará por finalizada a relación contractual coa empresa organizadora ao pagárselle a factura que tiñan pendente de pago por esta administración. Aínda que compre aclarar que esta administración non ten ningún tipo de relación contractual con terceiros, sendo a única existente, coa empresa organizadora.

Como tamén se explicou no seu momento e como vostedes saben, nas administracións locais, todas aquelas facturas que non se tramitan antes do peche do exercicio fiscal correspondente deben ser aprobadas polo pleno nun recoñecemento extraxudicial; extremo que tal e como puidemos ver na prensa, ocorreulles en máis concellos nos que realizaron a actividade no pasado 2025, tanto en Galicia coma noutras rexións. Ademais polo que se nos trasladou, a mencionada empresa non contou este ano co músculo financeiro suficiente para dar cumprimento aos compromisos que esta tiña adquiridos con terceiros, tal e como sería lóxico.

No que atinxe ao Concello de Pontedeume, esta situación quedará solucionada unha vez entre en vigor o recoñecemento extraxudicial de crédito deste mes.

No presente ano, como vimos falando dende principios de ano cos editores, autores, e xente do sector cos que estamos en permanente contacto, a intención deste Concello é organizar un evento semellante, que recolla o mesmo espírito de festival literario, pero adaptándoo segundo as achegas que nas dúas primeiras edicións nos fixeron chegar tanto os profesionais do mundo literario como as diferentes asociacións do tecido económico e cultural da nosa vila. Neste caso sería un evento organizado integramente dende o Concello de Pontedeume.

**17.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.**

O grupo municipal do BNG non presenta para o Pleno de día 30.04.2026 rogos.

**17.5. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP AO PLENO DE 30-04-2026.**

O grupo municipal do PP presenta para o pleno de día 30.04.2026 as seguintes preguntas:

**Pregunta 1. La calle Cabanas** no cuenta con marcas viales que delimitan las plazas en el margen derecho, el estacionamiento se produce de forma algo irregular, lo que a veces resta espacio útil que podría aprovecharse mejor para el beneficio de todos los usuarios. ¿Tendría a bien este Gobierno Local valorar, dentro de sus próximos planes de mantenimiento urbano, el **pintado y delimitación de las plazas de estacionamiento** en dicho margen? Creemos que con esta pequeña intervención se ganaría en orden, comodidad para los vecinos y seguridad vial en la calle, optimizando al máximo el espacio público disponible.

**Resposta do goberno**. Tomamos nota da súa proposta e tan pronto como sexa posible, procederase ao seu pintado.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**Pregunta 2. ANDRADE**. ¿En qué va consistir la mejora que se tiene previsto del acceso al local social y cementerio de Andrade ?

**Resposta do goberno**. Trátase dunha petición da asociación de veciños para mellorar o acceso de autobuses que acoden a enterros, funerais, etc; e camións con motivo das actividades e festexos que alí se celebran. A actuación consiste na ampliación do tramo máis estreito do camiño entubando e pavimentando as cunetas, incluíndo o cruce coa vía que ven dende os Loureiros.

**Pregunta 3. FACTURAS** Nos trasladan algunos autónomos Eumeses que están trasladando sus quejas al departamento de intervención por la falta de pago de facturas del verano pasado.
Entendemos que por una parte se les quiere dar beneficio a los autónomos de nuestro pueblo …pero por otra parte la espera de cobro de dichas facturas los perjudica más que los beneficia…
¿Qué nos pueden decir de esta situación ?
¿Qué solución pueden darles para no cobrar casi un año después?

**Resposta do goberno**. Somos plenamente conscientes do prexuízo que esta situación está a causar aos autónomos eumeses e lamentamos sinceramente as demoras no pagamento dalgunhas facturas. O atraso débese a unha situación sobrevida, principalmente ás baixas no persoal do departamento de intervención: por unha banda, unha das administrativas dende xuño de 2025 e por outra, a baixa da propia interventora. Estas circunstancias afectaron de maneira directa á tramitación e xestión dos expedientes de pago, que se foron acumulando ao longo deste tempo. En todo caso, compre destacar que estase a traballar para normalizar a situación coa maior brevidade posible, procedendo nas últimas dúas semanas a tramitar 6 decretos de facturas, o que nos permitirá, entre este mes (algúns xa se pagaron) e o mes que ven, poñer ao día os pagos.

**Pregunta 4. ALMACÉN DE CAMIONES DE BASURA** ¿A cuánto asciende el alquiler del almacén de los camiones de la basura?

**Resposta do goberno.** Na nave que ten alugada o concello á que fan referencia, gárdanse todos os vehículos municipais.
Os vehículos de obras e servizos:

2 tractores cos seus correspondentes apeiros, remolques, cisterna, desbrozadoras, cazo etc.
2 camións do lixo,1 camión grúa,1 camión con caixa cerrada,un todo terreo e varios remolques.

Neste espazo tamén se garda a ferramenta do persoal e acopia, o material de obra, colectores do lixo, bancos, papeleiras, material de xardinería, carrozas de nadal, etc.

Así mesmo, o feito de contar con esta instalación, ademais de evitar os continuos roubos de combustible que sufrían os vehículos municipais cando se estacionaban na rúa, permite realizar mantementos e reparacións dos mesmos, o que supón tamén un aforro para as arcas municipais.

O importe do alugueiro ascende á cantidade de 847 euros o mes.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

**Pregunta 5. APARCAMIENTOS MUNICIPALES.** Ya que no hay ningún cargador en todo el municipio.
¿Se barajo la posibilidad de la instalación de cargadores eléctricos para coches en los futuros y actuales aparcamientos municipales o se tiene pensado la instalación en un futuro próximo?

**Resposta do goberno**. Barallouse en varias ocasións pero as subvencións que tiveron lugar financiaban un importe mínimo da actuación, insuficiente para acometela. Dito o cal, na actualidade estanse a manter conversas con distintas empresas do sector para acadar un acordo de colaboración que permita realizar esa actuación. A última delas tivo lugar o pasado xoves e foi moio satisfactoria.

**Pregunta 6. GRABACIÓN DE LA PRODUCTORA VACA FILMS** ¿Cuál es el beneficio que recibe el concello por la grabación del largometraje de la productora Vaca Films?

**Resposta do goberno.** Ademais dos ingresos por ocupación de vía pública e da taxa establecida por rodaxe no Torreón dos Andrade, para Pontedeume a gravación desta película por parte dunha produtora do nivel de Vaca Films supón máis que unha anécdota ou a ilusión de ver as nosas rúas na gran pantalla. Supón un motor de dinamización, e trae beneficios en tres eixes fundamentais:

-Impacto Económico Directo: Unha rodaxe move a moitísima xente. Falamos de equipos técnicos, actores e extras que consumen no comercio local, que enchen as prazas hoteleiras e que fan uso da hostalería da vila. É unha inxección de cartos fresca e inmediata para o tecido empresarial de Pontedeume.

-Promoción Turística e 'Efecto Pantalla': O cinema é a mellor tarxeta de visita. Que as nosas paisaxes, o noso casco histórico ou o Eume aparezan nunha película que vai ter distribución internacional, tanto en salas de cine, coma en plataformas; sitúanos no mapa de milleiros de persoas. Existe un fenómeno chamado 'turismo de pantalla', onde moitos viaxeiros visitan lugares só porque os viron nunha serie ou filme.

- Ten tamén beneficios ou un compoñente emocional. Ver que a túa vila é valorada pola súa estética e o seu patrimonio por profesionais do sector audiovisual reforza a identidade local e crea un ambiente de ilusión entre os veciños e veciñas. É por tanto, unha publicidade e promoción importantisima para a nosa vila.

**Pregunta 7. ANÁLISIS DEL AGUA** ¿Hay algún análisis del agua de nuestras playas reciente y si es así cuáles fueron los resultados?

**Resposta do goberno.** A Consellería de Sanidade informounos o pasado día 16 de abril da clasificación sanitaria das zonas de baño, sendo esta a mesma que no ano 2025. A calidade da auga é excelente nas praias de Insua e Perbes-Andahío, mentres que resulta insuficiente na praia de Sopazos. Sobre esta última compre aclarar que o estado das súas augas está provocado polos vertidos que se realizan ao estuario dende o veciño concello de Cabanas, posto que como saben, o saneamento da fachada marítima de Pontedeume atópase totalmente renovado.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSKU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/

No que ás praias de Centroña e Ver, que como saben foron retiradas do listado de zonas de baño, compre aclarar que estamos á espera de que se rematen os traballos de reparación dun cadro do bombeo de Ver para poñer esa instalación e a de Centroña a plano rendemento, o que permitirá a utilización deses areais sen ningún tipo de problema e tramitar así a súa inclusión de novo no listado oficial de zonas de baño.

**17.6. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.**

O grupo municipal do PP presenta para o pleno de día 30.04.2026 os seguintes rogos:

- Rogamos rebajen la acera que está delante de áncora para dar accesibilidad

**REMATE DA SESIÓN**

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e nove minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Presidente e da Secretaria municipal, que dá fe, que se someterá a votación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano e a expensas do que resulte da correspondente aprobación.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 25/05/2026 12:49:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 25/05/2026 12:58:00)
Versión imprimible
CVD: yQiDa5PKcTSSkU/AcIzU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.pontedeume.gal/